



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E TRES (23) DE FEBREIRO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 23 de febreiro de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Diego Chazarreta Arévalo.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG

- D. Iván Roca Cruz.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D. José Ángel Bonome González, voceiro do grupo municipal “Popular”.
- D^a Anna Margarita Candal Malvís, voceira do grupo municipal “Socialista”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para que teña lugar validamente a sesión D. **Ángel García**, alcalde, a declara aberta e antes de iniciala manifesta que se vai dar lectura a unha declaración institucional do Concello de Oleiros con motivo do día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, dándolle neste intre a palabra á concelleira delegada de servizos sociais, D^a **Belén Taboada**, quen procede a dar lectura á mesma:

Declaración institucional do Concello de Oleiros con motivo do 8 de marzo,
Día Internacional da Muller

[Cambiamos o paradigma]

Como cada ano, o 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres, volvemos expoñer a necesidade de avanzar cara unha igualdade real, plena e efectiva que nos permita acadar unha sociedade xusta e democrática. Se ben é un día de visibilidade e celebración, tamén o é de loita e reivindicación polos nosos dereitos. Dereitos que, polo feito de existir, nos pertencen, son nosos, pero que día tras día seguen a ser vulnerados e violentados. Arredor de todo o planeta as mulleres continuamos a enfrontarnos a desigualdades, discriminacións, violencias e abusos. Seguimos padecendo a violencia de xénero, a explotación sexual, a fenda salarial, a falta de corresponsabilidade nos coidados, o teito de cristal, a división sexual do traballo, a dobre xornada... porque si, as desigualdades estruturais, os roles e mandatos de xénero,... tamén son violencia.

Mais tamén cómpre sinalar, unha vez máis, que a consecución da igualdade e a erradicación das violencias non é algo co que debemos cargar tan só as mulleres. A igualdade é unha cuestión de corresponsabilidade, onde mulleres e homes se responsabilicen conxuntamente na súa consecución. Senón, sempre será un horizonte que se afasta mentres intentamos acadalo. Actuade! Implicádevos!

Queremos que as vindeiras xeracións de mulleres e homes desenvólvanse e convivan nunha sociedade libre, xusta e igualitaria. E para isto, temos que poder investir as nosas enerxías na consecución de novos dereitos, non na defensa dos que xa deberían ser nosos sen ningún tipo de cuestionamento.

O machismo, o sexismo, o racismo, a xenofobia, a homofobia, a transfobia,... seguen a ser a nosa realidade. As violencias son múltiples, e por iso cómpre un enfoque interseccional, no que se atenda a prevención e a reparación de todas elas. Así, é fundamental que traballedes con nós, canda nós. Traballar para eliminar tódalas desigualdades que a día de hoxe seguimos padecendo. Porque as cifras falan por si soas: 8 mulleres asasinadas no que vai de ano, e 1.190 desde 2003. É inaceptable e inasumible.

Como ben sabedes, o asasinato é a punta do iceberg; por debaixo quedan tódalas violencias normalizadas ás que estamos expostas as mulleres.

Basta! Actuemos ante as máis pequenas desigualdades para cortar de raíz calquera manifestación das violencias machistas, e así poder festexar por unha sociedade xusta e igualitaria.

A maior celebración para este 8M é consagrar o noso compromiso e a nosa loita en prol dun cambio de paradigma, onde o sexo, a cor, a etnia, a orixe, a idade, a clase etc. non determine quen es, como te ven, como te tratan. Porque non, así como non hai un masculino xenérico e universal, tampouco hai un modelo universal e xenérico de "muller"; non hai unha identidade única e neutra de "muller". Para avanzar, cómpre recoñecer as distintas necesidades e experiencias das mulleres e as diferentes violencias que nos atravesan. Porque, con independencia da cor, idade, discapacidade, orixe, nivel socio-económico, credo... vulnéranse os dereitos de unha, están a vulnerar os dereitos de todas.



CONCELLO DE
OLEIROS

Por todas estas razóns, é necesario desde todas as Administracións, ao igual que desde o Concello de Oleiros, continúemos a traballar e loitar en prol da igualdade e contra a violencia de xénero e outras violencias machistas a través de políticas municipais comprometidas con tal fin.

É a nosa obriga traballar en prol dun cambio de paradigma: a igualdade e a xustiza social como eixo transversal.”

De seguido e da orde do alcalde. D. **Ángel García**, procédense a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2023000842, de 17 de febreiro; corrixido por Decreto da Alcaldía nº 2023000871, de 20 de febreiro, que son os seguintes:

“**1º.**- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2023.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle da parcela RP 3.2 do Plan Parcial Sector SUD-11 - Dorneda (Campo de Golf).

3º.- Aprobación definitiva, se procede, da cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 - Santa Ana (Mera).

4º.- Aprobación, se procede, da rectificación da rede de camiños públicos do Concello de Oleiros a efectos de inclusión dos números 6-8 e 10 da Rúa Lagarteiras - Montrove (Liáns).

5º.- Dar conta do escrito presentado polo grupo municipal “Socialista” de nomeamento de voceira titular e suplente, ademais de membro titular e suplente do seu grupo político na comisión informativa de “asuntos de competencia plenaria”.

6º.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 4º trimestre de 2022.

7º.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao 4º trimestre de 2022.

8º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023000350 ata o nº 2023000823 (incluídos).

9º.- Mocións, rogos e preguntas.”

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ó acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, sinalando que observou un erro no punto nº 10.27, na pregunta do voceiro do BNG e que na acta aparece que a presneta Anna Candal, polo que procedería a subsanación e poñer ó compañeiro Iván Roca, que foi realmente quen formulou a pregunta.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2023, coa corrección sinalada polo concelleiro do grupo municipal “Socialista”*.



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Estudio de Detalle da parcela RP 3.2 do Plan Parcial Sector SUD-11 - Dorneda (Campo de Golf)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, sinalando que paralelamente a este estudo de detalle estase a tramitar unha parcelación urbanística para dividir a superficie da parcela RP 3.2 en dúas parcelas resultantes.

O estudo de detalle presentado inclúe na memoria xustificativa unha análise das interferencias que se producen entre a nova proposta de parcelación e as acometidas xa executadas na obra de urbanización. As acometidas realízanse dende o interior das parcelas, sen afectar a urbanización exterior existente, non obstante en caso de afectar ás pavimentacións xa executadas, estas deberan repoñerse a cargo do promotor, sen que se aprecien parcheados. Conclúese que as acometidas poden executarse sen modificar a obra de urbanización mediante dous monolitos individuais e en canto ós accesos rodados ás parcelas, indícase que o número de prazas de aparcamento previstas en vía pública antes e despois do estudo de detalle, non varía.

A necesidade e conveniencia da redacción deste estudo de detalle xurde da propia normativa do Plan Parcial que, entre outras, indica que mediante estudo de detalle e previa parcelación, división, segregación ou agregación de parcela ou mazá, poderase redistribuír a súa edificabilidade sempre que o cómputo global non sexa superior ó fixado para as mesmas nos cadros de superficie da memoria do propio Plan Parcial.

Tendo en conta esta exixencia do planeamento parcial débese entender que a finalidade do estudo de detalle non é propiamente a segregación, que non é competencia propia dél, senón a comprobación de que os volumes e edificacións que serán resultado desta parcelación axéitanse ás determinación do planeamento parcial.

O presente estudo de detalle respecta e mantén as aliñacións aprobadas polo planeamento parcial e executadas conforme ó mesmo polo proxecto de urbanización; axústase na defición de rasantes da rúa en contacto coas aliñacións á obra executada; define a área de movemento da edificación en planta e en sección conforme á división da parcela; define ademais as rasantes propostas para vivendas diferenciando en cada parcela a rasante da vivenda, rasante de acceso á parcela; rasante da rampla de acceso á piscina e a rasante da praia e da piscina.

Por todo o explicado e visto que concorren tódolos requisitos técnicos e xurídicos propónse aprobar definitivamente este estudo de detalle na parcela RP-2.3 do Plan Sector SUD-11 – Campo de Golf – Dorneda.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 17 de febreiro de 2023, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **tres (03) abstencións** (tres (03) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“ASUNTO: aprobación definitiva do ESTUDIO DE DETALLE DA PARCELA RP-3.2 DO PLAN PARCIAL SECTOR SUD-11, DORNEDA-CAMPO DE GOLF, OLEIROS



Con data 25/01/2023 a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcrición literal parcial*):

“

1.OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000019 (FG NÚM. 706)
DENOMINACIÓN	ESTUDIO DE DETALLE DA PARCELA RP-3.2 DO PLAN PARCIAL SECTOR SUD-11, DORNEDA-CAMPO DE GOLF, OLEIROS.
ENTIDADE PROMOTORA	José Manuel Vázquez Senra, Alfonso Osorio Abeleiras, Patricia Canosa Conde
ENTIDADE REDACTORA	OLA estudio (arquitectos Óscar López Alba e Lucía Fernández Rodríguez)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	O ámbito do Estudio de Detalle se corresponde coa parcela RP-3.2 do Plan Parcial e do Proxecto de Compensación. Paralelamente a este Estudio de Detalle, estase a tramitar unha parcelación urbanística no expediente 439/2022 para dividir a superficie da parcela RP-3.2 en 2 parcelas resultantes A e B.
DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	Presentouse unha primeira versión (NRE 2022014429, de 5 de agosto) que foi corrixida por NRE 2022021076, de 22 de novembro e NRE 2022021594, de 30 de novembro.
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	Presentouse unha primeira versión (NRE 2022014429, de 5 de agosto) que foi corrixida por NRE 2022021076, de 22 de novembro e NRE 2022021594, de 30 de novembro.

2.ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	Informe favorable do arquitecto municipal don Alejandro Montero Criado con data 30 de novembro de 2022.
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2022005981, de 7 de decembro
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. TITULARES	Anuncio DOG núm. 239, de 19 de decembro de 2022 Anuncio La Voz de Galicia de 16 de decembro de 2022 Notificación a interesados e titulares
ALEGACIÓNS	Non se presentan alegacións
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	Presentouse unha primeira versión (NRE 2022014429, de 5 de agosto) que foi corrixida por NRE 2022021076, de 22 de novembro e NRE 2022021594, de 30 de novembro.

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.



- c) Reducir as superficies destinadas a vias, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, vias e espazos libres)*
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcelar o solo.*
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.*
Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.
- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.*
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.*
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.*

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- *Os concellos*
- *A Administración autonómica*
- *Outros órganos competentes no ámbito urbanístico*
- *Polos particulares lexitimados para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse polo promotor a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).*

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo dos futuros propietarios ou propietarias das parcelas ou dos promotores da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado polos promotores que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesario solicitar informes preceptivos.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Alcalde, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a



resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe do secretario municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.

No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 1.6 e ata o 2.7 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 8 a 14 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)”

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2022/PLANEAM/000019 (FG NÚM. 706)
DENOMINACIÓN	ESTUDIO DE DETALLE DA PARCELA RP-3.2 DO PLAN PARCIAL SECTOR SUD-11, DORNEDA-CAMPO DE GOLF, OLEIROS.
ENTIDADE PROMOTORA	José Manuel Vázquez Senra, Alfonso Osorio Abeleiras, Patricia Canosa Conde
ENTIDADE REDACTORA	OLA estudio (arquitectos Óscar López Alba e Lucía Fernández Rodríguez)
ÁMBITO DO ESTUDIO DE DETALLE	O ámbito do Estudo de Detalle se corresponde coa parcela RP-3.2 do Plan Parcial e do Proxecto de Compensación. Paralelamente a este Estudo de Detalle, estase a tramitar unha parcelación urbanística no expediente 439/2022 para dividir a superficie da parcela RP-3.2 en 2 parcelas resultantes A e B.



DATA E NRE REDACCIÓN INICIAL	Presentouse unha primeira versión (NRE 2022014429, de 5 de agosto) que foi corrixida por NRE 2022021076, de 22 de novembro e NRE 2022021594, de 30 de novembro.
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	Presentouse unha primeira versión (NRE 2022014429, de 5 de agosto) que foi corrixida por NRE 2022021076, de 22 de novembro e NRE 2022021594, de 30 de novembro.

Déixase constancia de que as acometidas realízanse dende o interior das parcelas, sen afectar a urbanización exterior existente, non obstante en caso de afectar as pavimentacións xa executadas, estas deberan repoñerse a cargo do promotor, sen que se aprecien parcheados.

SEGUNDO.- dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como “redacción definitiva”, e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado o apartado 1.6 e ata o 2.7 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 8 a 14 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle.

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, da cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 - Santa Ana (Mera)

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que a normativa urbanística do PXMO establece que en solo urbano non consolidado a execución dos polígonos executarase prioritariamente polo sistema de cooperación coas excepcións cando soliciten o cambio de sistema os propietarios que representen máis do 50% da superficie do polígono; cando explicitamente se contemple outro sistema no planeamento que conteña a ordenación detallada ou cando a administración actuante opte polo sistema de expropiación en presenza das circunstancias, isto é urxencia ou necesidade.

Por acordo do pleno de 17 de novembro de 2020 aprobouse definitivamente este estudo de detalle para o solo urbano non consolidado POL-4, Santa Ana (Mera), iniciando o concello o procedemento de equidistribución polo sistema de cooperación para o desenvolvemento do ámbito; unha vez revisado un avance do proxecto de reparcelación,ponse de manifesto custos moi elevados para os propietarios derivados da obriga imposta polo Plan Xeral de que a ordenación acometa a demolición da edificación en altura, existente no interior do ámbito, o que supón a necesidade de indemnizar economicamente ós propietarios das vivendas e locais da edificación; tamén a escarpada topografía do terreo en ladeira que obriga á execución de muros de contención, abancalamiento e previsión de sotos que encarecen a obra de urbanización; así como o feito de que resultado da ordenación prevista



CONCELLO DE
OLEIROS

polo Plan Xeral e polo estudo de detalle xera un volume edificado que non parece axeitado polo efecto de barreira visual que se produce na principal vía de acceso ó núcleo de Mera, dende o sur.

Así acórdase que polo concello se adquiran os aproveitamentos urbanísticos do POL-4, entregando a cambio ós titulares de terreos e edificacións aproveitamentos urbanísticos equivalentes ó ámbito do SUD-2, o que supón tramitar o cambio de sistema de cooperación ó de expropiación, formulando o pago en unidades de aproveitamento equivalentes ós do ámbito SUD-2, coa fin de formalizar a inscrición no rexistro da propiedade o resultado da reparcelación e o pago dos importes en metálico.

Trala emisión de informe xurídico de 21 de novembro de 2022, apróbase inicialmente o cambio de sistema de cooperación polo de expropiación, iniciándose un tramite de información pública con notificación individual ós directamente afectados, dando o prazo dun mes para que se presenten as alegacións que se estimen oportunas.

Con data de 23 de xaneiro de 2023, a funcionaria encargada do departamento de urbanismo do concello comunica a existencia das alegacións que se sinalan remitidas a Fernández Carballada, ó ser o equipo redactor dos documentos de desenvolvemento que se leven a cabo no ámbito, presentadas por D^a Paula Naya, D^a M^a Delfina Losa e D^a M^a Concepción Castro, quen actúa en representación dos herdeiros de D^a Josefa Suárez.

En canto á resolución das alegacións presentadas, a de D^a Delfina Losa, avogada, redacta escrito en nome de D^a Paula Naya e Dorinda García, considerando que a medida cautelar de suspensión solicitada opera automaticamente por transcorrer o prazo dun mes desde a súa solicitude; alegan tamén a improcedencia do cambio de sistema e, por último, estiman unha mala aplicación por considerar que o concello non seguiu o tramite de taxación conxunta. En vista a isto, solicitan que se revogue ou anule o Decreto da Alcaldía de 21 de novembro de 2022 que aprobou inicialmente o cambio de sistema de actuación.

Tratando de resumir a contestación ás alegacións, dicir que sobre a suspensión do acordo de tramitar o cambio de sistema de cooperación e expropiación, as alegantes manifestan que presentaron recurso de reposición fronte ó Decreto da Alcaldía de 30 de maio de 2022, que segundo elas aprobaba o cambio de sistema do POL-4, ó que hai que dicir que este Decreto da Alcaldía non supoñía o cambio de sistema, simplemente fai referencia á necesidade de tramitalo para dar cumprimento ós acordos que se tiñan acadado nas reunións previas coa veciñanza. Tendo interposto recurso de reposición solicitando a suspensión do nomeado Decreto da Alcaldía de 30 de maio, engadindo agora que esa suspensión estendería os seus efectos ó Decreto da Alcaldía de 21 de novembro de 2022, pero o axeitado é tratar ambos como actos independentes, dado que a suspensión só afecta a un deles, sobre todo tomando en consideración que non se pediu a suspensión do segundo Decreto, que si acordaba a aprobación inicial do cambio de sistema de actuación, polo que non é veraz a afirmación das alegantes.

En canto á procedencia do cambio de sistema, cumprimento da urxencia e necesidade expropiatoria, sinalar que a competencia para a aprobación dos cambios de sistema outorgaríase para a aprobación inicial ó alcalde do concello, mentres que a aprobación definitiva ó se tratar dunha aprobación que pon fin á tramitación municipal



CONCELLO DE
OLEIROS

dun instrumento de ordenación previsto na lexislación urbanística, correspondería ó pleno municipal polo que este concello obra conforme a dereito, realizando o cambio de sistema a través do procedemento establecido no informe xurídico previo á aprobación inicial, e que é a propia normativa a que permite cambiar de sistema sen levar a cabo unha modificación puntual do PXMO.

No que atinxe á necesidade de levar a cabo a expropiación está perfectamente acreditada, apoiándose a urxencia na agresión paisaxística que supón a existencia dunha edificación dentro do POL-4. A tipoloxía da edificación situada dentro deste ámbito é unha agresión a estrutura paisaxística de Mera, atopándose mesmo no inicio da estrada de Mera, a cal é considerada zona de gran afluencia e características pintorescas pola súa situación á beira do mar e vistas que ofrece, consolidando unha contorna paisaxística costeira digna de protección.

Alégase tamén polas recurrentes a vulneración do artigo 290.3 da Lei do Solo, que establece que o xustiprezo expropiatorio dos terreos determinarase de acordo co establecido na lexislación vixente e a xustificación do cambio de sistema de actuación céntrase en que o PXMO marcou como preferente o desenvolvemento do POL.4, prevendo o seu desenvolvemento no prazo de catro anos, sendo polo tanto xa urxente que se realicen as operacións conducentes ó seu desenvolvemento; a posibilidade de levar a cabo o desenvolvemento a través da cooperación, quedou desbotada pola súa inviabilidade económica, entendéndose que a aplicación do sistema de expropiación permite garantir un réxime xusto de distribución de beneficios e cargas, polo que tendo en conta todo o anterior, procede desestimar as alegacións presentadas, aprobando definitivamente o cambio de sistema de actuación para o solo urbano non consolidado POL-4, Santa Ana (Mera), pasando dun sistema directo de cooperación a un sistema directo de expropiación, tratando de garantir a través deste sistema unha correcta distribución do réxime de beneficios e cargas.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, anunciando o voto en contra do seu grupo a este asunto e sinalando que é certo que debe haber un cambio de sistema neste concello, que non é outro que deixar de expropiar ós veciños para seguir coa construción de novas urbanizacións.

Beneficiando a uns, perxudícanse a outros que levan toda a súa vida residindo nunha localidade que agora deben abandonar. Deixar unha vivenda que adquiriron con gran esforzo en moitos dos casos, sen que se garanta o seu dereito ó realoxo tal e como recolle a lexislación vixente tanto a nivel autonómico coma estatal.

¿Poden dicirlles onde serán realoxadas esas familias?; ¿Se lles ofertou unha vivenda digna e de características similares á que posuían na urbanización prevista nese ámbito? Se é así e mentres esas vivendas non estean dispoñibles ¿Onde van ser realoxadas de xeito provisional estas familias?.

Entenden ademais, froito das informacións obtidas, que os importes pagados pola expropiación non permite de ningún modo a adquisición dunha vivenda similar neste concello, nin sequera en concellos limítrofes a día de hoxe, aínda que estea baseado no xustiprezo.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, anunciando a abstención do seu grupo porque están convencidos de que o cambio de sistema proposta é o que máis beneficia ós afectados, aínda que pareza



CONCELLO DE
OLEIROS

mentira. É máis beneficioso porque co sistema de cooperación perderían, mentres que co sistema de expropiación existen máis ferramentas e máis marxe para poder chegar a un acordo, gustaríalles que se viñese a este pleno xa cun acordo pechado coas persoas que residen alí e segundo lles trasladaron, non saben o que vai ser deles e onde van poder vivir, por isto vaise abster aínda que insiste en que o cambio de sistema é o máis beneficioso para os afectados.

Intervén o voceiro do grupo "Mixto"-BNG, D. **Manuel Moineiro**, salientando que está de acordo co cambio de sistema, tal e como xa manifestou con motivo da celebración da comisión informativa, pero tamén está de acordo co que remata de sinalar o compañeiro do PSOE porque lles gustaría saber se estes veciños afectados do edificio están todos de acordo coa indemnización que se lles vai dar ou si se vai permutarlles ese piso por outro de similares características, por iso se non teñen ese dato vanse abster tamén.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que tal e como explicou na súa exposición a voceira do goberno municipal, trátase dunha actuación que ven recollida no Plan Xeral Municipal de Ordenación e cunhas características especiais ó se demoler un edificio, existe outro caso similar no alto de Perillo, na estrada que baixa desde a Piscina ó Restaurante Orlinda, hai outro edificio de 4 plantas que tamén se vai demoler, está xa baleiro e no que se lles compensou ós propietarios cunha cantidade que lles permitiu adquirir vivendas na contorna de onde residían. Son casos especiais e que afectan ó urbanismo e ninguén pode negar que ese edificio do que se está a falar en Mera é un adefesio, sen ter culpa en ningún caso os que residen nél.

Dito isto e en aras de seguir apostando por un urbanismo armónico e fermoso, pero respectando ás familias afectadas ós que non se lles pode deixar na rúa, porque si se lles compensa cunha cantidade que non lles permitiría adquirir outra vivenda, mal estaríanse a facer as cousas. Si se seguise co tramite inicial, estas vivendas valoraríanse e de conformidade coa súa taxación se lle abonaría esa cantidade, que ó mellor serían uns 80.000 € ó se tratar de pisos dos anos 1060, pero con esa cantidade non poderían comprar aquí en Oleiros, por iso este goberno xuntouse cos veciños afectados, tanto os do edificio como de solares, para estudar as diferentes fórmulas que fosen máis ventaxosas para todos e chegouse á conclusión que co sistema de cooperación aprobado non se beneficiaba a ninguén, non beneficiaba ós propietarios dos terreos, porque deberían pagar uns custos altísimos de cotas de urbanización, indemnizando tamén ós do edificio e tamén o terreo conta cunha gran pendente e que de seguir adiante eliminaríase un edificio pero pola tipoloxía do terreo volvería construírse outro que seguiría tapando as vitas, polo que se propuxo desde o goberno municipal paralizar o procedemento e falar cos propietarios.

Feitas as reunións, a maior parte dos propietarios dos terreos están de acordo con ser indemnizados, algúns se lles compensará cunha parcela na urbanización que se está a desenvolver en Mera, na estrada da Besta; outros queren ser indemnizados en metálico porque existen terreos nos que son varios herdeiros e ó non se poñer dacordo, prefiren o pago en metálico porque é máis doado o reparto, é dicir, un tema complexo que hai que tratar con sensibilidade, especialmente cos propietarios das vivendas, polo que se vai tratar coa maior sensibilidade como xa dixo e con xustiza.



CONCELLO DE
OLEIROS

Na súa mente está incluso chegar a compensar con vivendas ós afectados que se vaian quedar sen a súa dentro das que vai recibir o concello, procedente do 10% do aproveitamento da urbanización que vai desenvolver tamén en Mera, en Pinar del Río, pero insiste en que dentro dunha valoración xusta e rigurosa porque tampouco se vai regalar o patrimonio municipal.

Quere deixar claro tamén que o concello co desenvolvemento desta urbanización non gaña nada, porque aqueles aproveitamentos urbanísticos que ía recibir, agora si se levan a cabo estas compensacións, non recibirá nada pero si é por un tema xusto, quedan satisfeitos coa xestión.

Abunda máis sobre o asunto a voceira do goberno municipal, D^a **M^a José Varela**, salientando que si tanto o representante do grupo “Socialista” coma o de “Ciudadanos” manifestaron estar de acordo co cambio de sistema pero que se van abster pola xestión futura do desenvolvemento do ámbito, lémbbralles que o que se propón hoxe aprobar con este asunto é o cambio de sistema para poder chegar a negociar cos propietarios e ofertarlle un reparto máis xusto, débese cambiar o sistema en primeiro lugar.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, ratificando a súa abstención dado que lles gustaría que se trouxese hoxe aquí xa un acordo pechado cos propietarios, porque segundo sabe os propietarios das vivendas neste intre non están de acordo co ofertado, polo que o seu voto vai ser solidario con eles e á espera de que se chegue a un entendemento.

Insiste o alcalde, D. **Ángel García**, que xa dixo en repetidas ocasións durante a súa intervención de que se está a tratar un tema delicado e sensible e de aí que se traia este asunto ó pleno de hoxe, cambiándose un sistema que xa estaba aprobada definitivamente para desenvolver o ámbito, pero insiste en que non poden traer hoxe un acordo cos propietarios porque primeiro hai que aprobar cambiar o sistema porque, como antes dixeron, o sistema anterior era moito máis perxudicial, esperan chegar a acordo cos propietarios porque por iso proponse cambiar o sistema de desenvolvemento e tamén cunha proposta de perda de unidades de construción porque a idea do goberno municipal é cuidar a tódolos niveis o entorno de Mera, insiste en que primeiro hoxe ten que se aprobar o cambio de sistema e logo seguir coas reunións para tratar de chegar a un acordo, como é súa idea.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que votou positivamente para o cambio de sistema na reunión da comisión informativa, ía absterse pero despois das explicacións e do compromiso do alcalde, van votar a favor da proposta.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 17 de febreiro de 2023, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Socialista”) e **tres (03) votos en contra** (tres (03) do grupo municipal “Popular”).




En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“ASUNTO: aprobación definitiva de cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 Santa Ana (Mera), de cooperación a expropiación

Con data 14 de febreiro de 2023, emítese pola coordinadora de servizos urbanísticos, con conformidade da Secretaría municipal, informe do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“Ámbito de estudo

O POL-4 – Santa Ana é un ámbito de solo urbano non consolidado situado no distrito norte, en Mera. Este ámbito conta cunha ordenanza singular que figura no artigo 133 da normativa urbanística do Concello de Oleiros.



O artigo 15 da normativa urbanística do PXOM establece que en solo urbano non consolidado a execución dos polígonos executarase prioritariamente polo sistema 01a de cooperación coas seguintes excepcións:

- a) Cando soliciten o cambio de sistema os propietarios que representen máis do 50% da superficie do polígono.
- b) Cando explicitamente se contemple outro sistema no planeamento que conteña a ordenación detallada. Neste sentido executarase polo sistema de compensación os seguintes polígonos: POL-13, POL-15 E POL-22.
- c) Cando a Administración actuante opte polo sistema de expropiación en presenza das circunstancias previstas no art. 140 LOUG (isto é, urxencia ou necesidade).

Antecedentes

- I. Por acordo do Pleno do 17 de novembro de 2020 aprobouse definitivamente o Estudo de Detalle para o solo urbano non consolidado POL-4, Santa Ana, Mera (Documento R.E. Nº 2020015334 do 09.11.2020). Publicouse no BOP nº 207 do 3 de decembro de 2020 e no DOG nº 259 do 28 de decembro de 2020. Tamén foi inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia o 4 de febreiro de 2021 co número de rexistro RPG 00005/2021.
- II. Mediante Decreto 2021000511, de 10 de febreiro, o Concello inicia o procedemento de equidistribución polo sistema de cooperación para o desenvolvemento do ámbito do POL-4, Santa Ana (Mera).
- III. Unha vez revisado un avance do proxecto de reparcelación, que pon de manifesto custos moi elevados para os propietarios derivados de:
 - a. A obriga imposta polo Plan Xeral de que a ordenación acometa a demolición da edificación en altura existente no interior do ámbito. Isto supón a necesidade de indemnizar economicamente aos propietarios das vivendas e locais da edificación.
 - b. A escarpada topografía do terreo en ladeira que obriga á execución de muros de contención, abancalamiento e previsión de sotos que encarecen a obra de urbanización.
 - c. O feito de que resultado da ordenación prevista polo Plan Xeral e polo Estudo de Detalle xera un volume edificado que non parece adecuado ao Concello polo efecto de barreira visual que se produce na principal vía de acceso ao núcleo de Mera dende o sur



Así, e mediante Decreto 202202575, de 30 de maio, acórdase que polo Concello adquire os aproveitamentos urbanísticos do POL-4 Santa Ana, entregando a cambio aos titulares de terreos e edificacións aproveitamentos urbanísticos equivalentes no ámbito do SUD-2. Indícase nesta resolución que isto supón tramitar o cambio de sistema de cooperación ao sistema de expropiación, formulando o pago en unidades de aproveitamento equivalentes no ámbito do SUD-2, en aplicación do artigo 290.3 b) do Decreto 143/2016, co fin de formalizar a inscrición no Rexistro da Propiedade Nº 3 da Coruña o resultado da reparcelación (parcelas do POL-4 a favor do Concellos e parcelas do SUD-2 a favor dos afectados) e o pago dos importes en metálico.

IV. Tras a emisión de informe xurídico de data 21 de novembro de 2022, emítese Decreto 2022005623, de 21 de novembro, polo que se aproba inicialmente o cambio de sistema de cooperación a expropiación no POL-4, e se inicia un trámite de información pública, con notificación individual aos directamente afectados e publicación no BOP da Coruña núm. 227, de data 30 de novembro de 2022, do anuncio, conferindo un prazo de 1 mes para que se presenten todas aquelas alegacións que se consideren oportunas.

V. Con data 23 de xaneiro de 2023, a funcionaria encargada da área de urbanismo comunica a existencia das seguintes alegacións, remitidas a Fernández Carballada por ser o equipo redactor dos documentos de desenvolvemento que se leven a cabo no ámbito:

a. Dona Paula Naya Montero, con NRE 2022023268, de 22 de decembro

b. Dona María Delfina Losa García, con NRE 2023000612, de 13 de xaneiro

c. Dona María Concepción Castro Suárez, en representación de Herdeiros de dona Josefa Suárez Illanes, con NRE 2023000612, de 13 de xaneiro

Normativa aplicable

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- [Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros](#), aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas
- Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Resolución das alegacións presentadas

[Dona Paula Naya Montero, con NRE 2022023268, de 22 de decembro, e dona María Delfina Losa García, con NRE 2023023215, de 22 de decembro](#)

Dona delfina Losa García, avogada, redacta escrito en nome de Paula Naya Montero e Dorinda García Neira, que se presenta por duplicado. En canto aos argumentos do recurso, serían os seguintes:

- I. As alegantes consideran que, a medida cautelar de suspensión solicitada do Acordo de tramitar o cambio de sistema de cooperación a sistema de expropiación, en base ao art. 117 LPACAP, opera automaticamente por transcorrer o prazo de 1 mes desde a súa solicitude. Así mesmo, consideran que esta suspensión se estende ao Decreto de Alcaldía 2022005623 “Aprobación inicial de cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 Santa Ana, Mera, de cooperación a expropiación.
- II. Alegan a improcedencia do cambio de sistema, estimando que o cambio do sistema de actuación debe estar incluído de maneira preceptiva no plan xeral de ordenación, sen posibilidade de realizar o cambio de actuación de cooperación a expropiación por tratarse de dous sistemas de actuación directos, conforme os arts. 112 LSG, e 285 RLSG. Á súa vez, indican que o cambio de sistema non obedece aos criterios de urxencia e necesidade segundo o disposto no art. 15 PXOM, que se remite ao art. 140 LOUG.
- III. Por último, estiman unha mala aplicación do art. 290 RSLG, por considerar que o Concello non seguiu o trámite de tasación conxunta, traslado da folla de aprecio, e da proposta de fixación dos criterios de valoración para poder presentar alegacións respecto diso.



Solicitan, xa que logo, que se revogue ou anule o Decreto de Alcaldía 2022005623 de data 21 de novembro de 2022, cuxo obxecto é a Aprobación inicial do cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 Santa Ana, Mera, de cooperación a expropiación.

I.SUSPENSIÓN DO ACORDO DE TRAMITAR O CAMBIO DE SISTEMA DE COOPERACIÓN A EXPROPIACIÓN

As alegantes manifestan que presentaron recurso de reposición fronte ao Decreto de Alcaldía 2022002575, de 30 de maio, que acorda o cambio de sistema do POL-4. Este Decreto non supón o cambio de sistema, simplemente fai referencia á necesidade de tramitalo para dar cumprimento aos acordos que se tiñan acadado nas reunións previas coa veciñanza. Tendo interposto recurso de reposición no que solicitaban a suspensión do Decreto 2022002575, alegan na actualidade que esa suspensión estendería os seus efectos ao Decreto 2022005623, de 21 de novembro, pero, o correcto é tratar ambos os actos como independentes, de tal maneira que a suspensión só afecta a un deles. Especialmente, tomando en consideración que non se pediu a suspensión do segundo Decreto, que acorda a aprobación inicial do cambio de sistema de actuación. Por tanto, non é veraz a afirmación das alegantes, unha vez pretenden estender a suspensión do primeiro Decreto, ao segundo, e tendo en conta que o primeiro decreto indica literalmente que a aceptación da proposta de adquisición polo Concello dos aproveitamentos urbanísticos do POL-4 Santa Ana, entregando a cambio aos titulares de terreos e edificación aproveitamentos urbanísticos equivalentes no ámbito do SUD-2, supón “tramitar o cambio de sistema de cooperación ao sistema de expropiación, formulando o pago en unidades de aproveitamento equivalentes no ámbito do SUD-2, en aplicación do artigo 290.3 b) do Decreto 143/2016, de conformidade coas fichas que se achegan, co fin de formalizar a inscrición no Rexistro da Propiedade Nº 3 da Coruña o resultado da reparcelación (parcelas do POL-4 a favor do Concellos e parcelas do SUD-2 a favor dos afectados) e o pago dos importes en metálico.”. Non se trata dun acordo de inicio do expediente, senón dunha simple mención ao procedemento que agora se inicia mediante Decreto 2022005623, de 21 de novembro.

II.PROCEDENCIA DO CAMBIO DE SISTEMA. CUMPRIMENTO DA URXENCIA E NECESIDADE EXPORPIATORIA

Transcríbese a continuación unha parte do informe emitido polo estudo Fernández Carballada, que se asume por quen informa na súa integridade:

“(…)

En primeiro lugar, o art. 112 LSG dispón o seguinte:

Artigo 112. Elección do sistema de actuación.

“1. O municipio elixirá o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e complexidades da iniciativa a desenvolver, os medios cos que conte, a colaboración da iniciativa privada e demais circunstancias que concorran.

2. A determinación do sistema de actuación haberá de incluírse obrigatoriamente no plan xeral.

A modificación do sistema de actuación poderá ser aprobada polo municipio, de oficio ou a instancia dos particulares interesados, previa información pública por prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e con notificación individualizada aos propietarios afectados.

En calquera caso, o sistema de actuación poderá ser modificado nos instrumentos de plan que conteñan a ordenación detallada do chan urbano non consolidado e do chan urbanizable.”

As alegacións formuladas, aínda que non discuten a potestade do municipio para elixir o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e circunstancias do caso en concreto, pretenden valerse do apartado 2, o cal dita que a determinación do sistema de actuación deberase incluír obrigatoriamente na PXOM. Aínda que o artigo recolle esta obrigación, non resulta de aplicación ao presente caso. Tomando en consideración o texto que figura a continuación do mesmo apartado, indícase que “en calquera caso, o sistema de actuación poderá ser modificado nos instrumentos de plan que conteñan a ordenación detallada do chan urbano non consolidado e do chan urbanizable.”

Entón, despréndese claramente que a modificación poderá figurar en instrumentos do plan que conteñan a ordenación detallada, neste caso, do chan urbano non consolidado en cuestión, sen facer mención de que este cambio sexa obrigatorio realizalo tamén no plan xeral.



Doutra banda, as alegacións tamén pretenden facer valer o argumento da invalidez do cambio de sistema, posto que se trata dun cambio dun sistema directo, a outro directo, o cal estiman que non atopa encaixe no disposto polo RLSG.

A pesar de que o art. 285 RLSG unicamente regule o procedemento de modificación do sistema de actuación alleo ao plan dun directo a outro indirecto, e viceversa, nin o propio artigo, nin o corpo legal no que se atopa recolleito, establecen a prohibición de que se realice o cambio dun sistema de cooperación, a expropiación. Por iso, o oportuno é aplicar este artigo mediante analogía. Conforme o apartado 3: “O órgano municipal competente procederá á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e someterá o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e notificación individualizada aos propietarios afectados”. O cal, dá lugar a que, baseándonos nestas premisas, o órgano, municipal que corresponda, é competente para proceder á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación de cooperación a expropiación.

Tras analizar a competencia, chegouse á conclusión de que “en canto ao órgano competente para a aprobación do cambio de sistema, a interpretación literal dúas artigos 21 e 22 dá LRBRL podería levarnos a determinar que ou órgano competente é a alcaldía, por entenderse ou sistema de actuación dun instrumento de xestión urbanística. Porén, existe xurisprudencia (TSX de Madrid, sentenza número 1669/2007, de 21 de decembro; recurso 234/2007) que entende ou sistema de actuación é unha determinación de ordenación pormenorizada do PXOM, ou que comporta a súa pertenza ao nivel de planeamento. Isto xustifícase na normativa autonómica madrileña na sentenza citada, pero ou certo é que para ou caso dá nosa comunidade autónoma atopámonos cunha situación equivalente, posto que a normativa esixe a inclusión da determinación de sistema de xeito obrigatorio non plan xeral (art. 112.2 LSG), outorgándolle un rango superior ao de instrumento de xestión e incluíndose por tanto esta determinación dentro das contidas non planeamento urbanístico. Así, a competencia para a aprobación dous cambios de sistema outorgaríase, para a aprobación inicial, ao Alcalde do Concello de Oleiros, en virtude do artigo 21.1.s) LRBRL, mentres que a aprobación definitiva, ao tratarse dunha aprobación que pon fin á tramitación municipal dun instrumento de ordenación previsto na lexislación urbanística, correspondería ao Pleno, en atención ao disposto non art. 22.2.c) LRBRL.” (transcrición do informe xurídico previo á aprobación inicial).

Considérase polo tanto que esta Administración obra conforme a Dereito realizando o cambio de sistema través do procedemento establecido no informe xurídico previo á aprobación inicial, e que é a propia normativa a que permite cambiar de sistema sen levar a cabo unha modificación puntual do PXOM, que suporía unha ralentización importante das tramitacións administrativas e carente de fundamento, posto que non supón unha alteración do planeamento no sentido previsto no artigo 200 RSG.

Procédese a xustificar o cumprimento dos requisitos legais para realizar o cambio de sistema, unha vez xustificada a súa procedencia e órgano competente:

1. En primeiro lugar, cómpre citar o artigo 15 do PXOM, que establece que en chan urbano non consolidado, a execución dos polígonos executarase prioritariamente polo sistema de cooperación, pero, cunha serie de excepción. Así, sinalase no apartado c) a posibilidade de cambiar o sistema a expropiación, sempre que se cumpran as circunstancias previstas no art. 140 LOUG, cuxo tenor literal é o seguinte:

“1. A Administración actuante poderá optar por utilizar o sistema de expropiación cando razóns de urxencia ou necesidade o xustifiquen.

2. A expropiación aplicarase por polígonos completos e comprenderá todos os bens e dereitos incluídos nos mesmos, sen prexuízo do disposto nos artigos 146 e seguintes da presente Lei.

3. Mediante este sistema, a Administración expropiante obtén a propiedade de todos os bens e dereitos incluídos no polígono, executa as obras de urbanización e, posteriormente, enajena as parcelas resultantes ou susceptibles de edificación.”

En esencia, e como se indica no informe do equipo redactor, “o fundamental é a xustificación da urxencia e necesidade expropiatoria. É preciso levar a cabo unha modificación do sistema de actuación en aras de paliar a desproporción das cargas e beneficios que supón continuar co sistema de actuación de cooperación, cuxo canle non leva a unha solución satisfactoria. As dificultades de levar a cabo un sistema de cooperación únense coa inadecuación do volume que podería xerar, provocando o efecto dunha barreira visual. “

Neste sentido, a necesidade de levar a cabo a expropiación está perfectamente acreditada, apoiándose a urxencia na agresión paisaxística que supón a existencia dunha edificación dentro do POL-4. A tipoloxía da edificación situada dentro do POL-4, leva unha agresión á estrutura paisaxística de Mera. Considerando esta agresión, haberá



que atender ao disposto pola Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, estando ao disposto polos seus artigos 5 e 6, onde se recolle o deber das Administracións Pública de velar pola protección da paisaxe, e adecuar o disposto nos instrumentos de ordenación a iso:

Artigo 5. Políticas en materia de paisaxe.

“1. Os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio adóptense as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

2. Os poderes públicos integrarán a consideración da paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

3. A Xunta de Galicia promoverá accións de cooperación transfronteiriza nos distintos niveis territoriais, para a elaboración de políticas e programas comúns en materia de paisaxe, así como coas comunidades autónomas que limiten con Galicia.”

Artigo 6. Fins das actuacións das administracións públicas en materia de paisaxe.

“As actuacións das administracións públicas en materia de paisaxe deben atender, como mínimo, aos seguintes fins:

1. A protección da paisaxe: entendida como todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dunha paisaxe, xustificadas polo seu valor patrimonial como resultante da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio.

2. A xestión da paisaxe: entendendo como tal aquelas accións que desde unha perspectiva de uso sustentable do territorio garantan o mantemento regular da paisaxe, a fin de guiar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e ambientais.

3. A ordenación da paisaxe: que serán todas aquelas accións que presenten un carácter prospectivo particularmente acentuado con vistas a manter, mellorar, restaurar ou rexenerar paisaxes.”

2. Doutra banda, o artigo 91 LSG establece:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

“As construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia do mesmo ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregadas deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

d) As construcións haberán de presentar todos as súas paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, emprazamento ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.”

Isto é apoiado polo artigo 20 LSG:

Artigo 20. Criterios básicos de utilización do chan.



“2. As instalacións, construcións e edificacións haberán de adaptarse, no básico, ao ambiente en que estivesen situadas, e para ese efecto, nos lugares de paisaxe aberta e natural, sexa rural ou marítimo, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa, altura dos edificios, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limite o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompa a harmonía da paisaxe ou desfigure a perspectiva propia do mesmo.”

A edificación, atópase no inicio da estrada de Mera, a cal é considerada zona de gran afluencia e características pintorescas pola súa situación á beira do mar e vistas que ofrece, consolidando unha contorna paisaxística costeira digna de protección. A nivel paisaxe, o ámbito desenvólvese na contorna da lagoa de Mera, contiguo á trama urbana existente no núcleo urbano de Mera. Así, esta edificación está nas inmediacións desta estrada con vistas. Pero, dada a cota e a altura da propia edificación, as vistas ao pobo e a costa vense substancialmente prexudicadas, producindo unha contaminación paisaxística, cortando a visibilidade e ofrecendo unha barreira á paisaxe.

III. APLICACIÓN DO ART. 290 RSG

Alégase polas recorrentes a vulneración do artigo 290.3 e 4 do RSG, o cal establece o seguinte:

*“3. O xustiprecio expropiatorio dos terreos determinarase de acordo co establecido na lexislación *vixente*.*

O seu pago efectivo poderá realizarse:

- a) En metálico.
- b) Mediante acordo co expropiado, en especie, asignándolle aproveitamento lucrativo de titularidade municipal ou bens afectos ao patrimonio municipal do chan, todo iso en correspondencia co valor fixado como justiprecio, e previa valoración técnica do aproveitamento transmitido.

O pago do justiprecio só farase efectivo, consignándose en caso contrario o seu importe, na forma determinada pola lexislación básica do Estado (artigo 117.3 da LSG).

4. A Administración expropiante poderá aplicar o procedemento de tasación conxunta ou seguir o expediente de valoración individual de acordo co establecido na lexislación vixente en materia de expropiación forzosa.”

En base a este artigo, as alegantes indican que non se seguiu nin o trámite de taxación conxunta, que existe proxecto de expropiación e traslado literal da correspondente folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións.

Se ben o Decreto recorrido inclúe no apartado “Xustificación do cambio de sistema” referencias á contía á indemnización, os trámites referidos e o cálculo das indemnizacións realizaranse con carácter definitivo unha vez se aprobe o cambio de sistema. Os números ofrecidos simplemente foron estimacións realizadas para estudar a viabilidade das propostas existentes. A cantidade indemnizatoria sinalada consiste nun valor aproximado realizado no seu momento, supeditado en todo caso ao seu posterior cálculo unha vez se o cambio de sistema tal e como está establecido regulamentariamente. Unha vez superado o trámite de aprobación do cambio de sistema, iniciarase o procedemento con tódalas garantías establecidas na normativa vixente de cara á execución do desenvolvemento urbanístico do POL-4 por sistema de expropiación.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: proponse, polo tanto, desestimar as alegacións presentadas por dona María Delfina Losa García presenta o escrito en nome e representación de dona PAULA NAYA MONTERO e de dona MARIA DORINDA GARCIA NEIRA.

[Dona María Concepción Castro Suárez, en representación de Herdeiros de dona Josefa Suárez Illanes, con NRE 2023000612, de 13 de xaneiro](#)

Este escrito céntrase en dúas cuestións:

1. Por unha parte, a falta de motivación do cambio de sistema de actuación, que daría lugar a indefensión
2. Por outra, a falta de competencia do alcalde para cambiar o sistema de actuación previsto.



Solicitan, así, que se teñan por formuladas as alegacións contra o Decreto de Alcaldía 2022005623 de data 21 de novembro de 2022, cuxo obxecto é a Aprobación inicial do cambio de sistema de actuación para o desenvolvemento do POL-4 Santa Ana, Mera, de cooperación a expropiación, e que se conteste ás mesmas de forma motivada, ditando resolución.

Cómpre citar aquí unha parte do informe ás alegacións emitido polo estudo Fernández Carballada, no que indica:

“(…) É competencia municipal tanto o plan urbanístico como a xestión posterior do mesmo. O sistema de actuación proposto tanto polo PXOM como o que agora se promove é un sistema de actuación directo, de iniciativa pública. O PXOM establecía como prioritario e dentro do primeiro cuatrienio, nos primeiros 4 anos de vixencia, o desenvolvemento deste chan (referido ao POL-4), derivado fundamentalmente do gran impacto paisaxístico da edificación existente que constitúe a entrada principal á zona urbana de Mera.

3. RELACIÓN DE ACTUACIÓNS PREFERENTES

CADRO Nº 5. ÁREAS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO. PRAZOS DE EXECUCIÓN.

POLÍGONOS E PERIs EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	SITUACIÓN	PRAZOS
POL-01	Lorbé	8
POL-03	Rúa Vinculeiro	4
POL-04	Santa Ana	4
POL-05	Rúa Curros Enríquez	4
POL-06	Breixo	8
POL-37	Buínte	8
PERI-01 R	Dexo	8
PERI-03 R	Lorbé	8
PERI-04 R	Aba-Lorbé	8
PERI-05 R	Mera	4
PERI-08 R	Xoez	4

Imaxe do PXOM da programación das actuacións preferentes

Nesa orde de prioridades do PXOM iniciáronse as actuacións no seu momento e dentro das obrigacións do Concello está o promover o desenvolvemento urbanístico, independentemente da ordenación urbanística que se propoña. Temos que lembrar neste punto que as modificacións do Plan Xeral levan actuacións complexas en canto á contratación e tramitación no que participan varias administracións e que en todo caso supoñen varios anos de duración. Neste caso priorízase e estima a urxencia da actuación e o interese público da mesma, sen menosprezar os dereitos dos particulares, que legalmente se establece.

Estase en todo caso iniciando desta forma os trámites dun cambio de sistema de actuación no que terán en cada momento os propietarios privados resgardados os seus dereitos coa correspondente publicidade e períodos de alegacións.

(...)”

Así, a xustificación do cambio de sistema de actuación céntrase en dúas premisas:

3.O PXOM marcou como preferente o desenvolvemento do POL-4, prevendo o seu desenvolvemento no prazo de 4 anos, e sendo por tanto xa urxente que se realicen as operacións conducentes ao seu desenvolvemento, baseándose a urxencia no gran impacto paisaxístico que xera a edificación existente e que constitúe a entrada principal á zona urbana de Mera.

4.Como xa se indicou no Decreto de aprobación inicial, a posibilidade de levar a cabo o desenvolvemento a través da cooperación quedou desbotada pola súa inviabilidade económica. Ao amparo do establecido no artigo 112 LSG, que indica que o municipio elixirá o sistema de actuación aplicable tendo en conta as características e complexidades da iniciativa para desenvolver, os medios cos que conte, a colaboración da iniciativa privada e demais circunstancias que concorran, enténdese que a aplicación do sistema de expropiación permite garantir un réxime xusto de distribución de beneficios e cargas.

En canto á competencia para a tramitación do cambio de sistema, enténdese plenamente aplicable o artigo 285 RSG, que establece, no seu apartado terceiro, que o órgano municipal competente procederá á aprobación inicial do cambio de sistema de actuación e someterá o expediente a información pública polo prazo dun mes mediante



anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e notificación individualizada aos propietarios afectados. Trátase dun apartado que describe o cambio de sistema de xeito xenérico, sen facer referencia a se se trata dun cambio de sistema directo a indirecto ou viceversa, ou se cambia entre sistemas directos ou indirectos. Establece o apartado cuarto que finalizado o trámite de información pública, o concello aprobará definitivamente a modificación do sistema de actuación.

Tras analizar a competencia, chegouse á conclusión de que “en canto ao órgano competente para a aprobación do cambio de sistema, a interpretación literal dúas artigos 21 e 22 dá LRBRL podería levarnos a determinar que ou órgano competente é a alcaldía, por entenderse ou sistema de actuación dun instrumento de xestión urbanística. Porén, existe xurisprudencia (TSX de Madrid, sentenza número 1669/2007, de 21 de decembro; recurso 234/2007) que entende ou sistema de actuación é unha determinación de ordenación pomenorizada do PXOM, ou que comporta a súa pertenza ao nivel de planeamento. Isto xustifícase na normativa autonómica madrileña na sentenza citada, pero ou certo é que para ou caso dá nosa comunidade autónoma atopámonos cunha situación equivalente, posto que a normativa esixe a inclusión dá determinación de sistema de xeito obrigatorio non plan xeral (art. 112.2 LSG), outorgándolle un rango superior ao de instrumento de xestión e incluíndose por tanto esta determinación dentro das contidas non planeamento urbanístico. Así, a competencia para a aprobación dous cambios de sistema outorgaríase, para a aprobación inicial, ao Alcalde do Concello de Oleiros, en virtude do artigo 21.1.s) LRBRL, mentres que a aprobación definitiva, ao tratarse dunha aprobación que pon fin á tramitación municipal dun instrumento de ordenación previsto na lexislación urbanística, correspondería ao Pleno, en atención ao disposto non art. 22.2.c) LRBRL.”(transcrición do informe xurídico previo á aprobación inicial).

Considérase polo tanto que esta Administración obra conforme a Dereito realizando o cambio de sistema a través do procedemento establecido no informe xurídico previo á aprobación inicial, e que é a propia normativa a que permite cambiar de sistema sen levar a cabo unha modificación puntual do PXOM, que suporía unha ralentización importante das tramitacións administrativas e carente de fundamento, posto que non supón unha alteración do planeamento no sentido previsto no artigo 200 RSG.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: propónse, polo tanto, desestimar as alegacións presentadas por DONA MARÍA CONCEPCIÓN CASTRO SUÁREZ, en representación de HERDEIROS DE DONA JOSEFA SUÁREZ ILLANES.

Competencia para a aprobación definitiva do cambio de sistema de actuación

Unha vez realizados os trámites condiso nos artigos 284 e 285 do RSG, que desenvolven o artigo 112 da LSG, cómpre sinalar que, de conformidade coa xurisprudencia, e visto que a normativa esixe a inclusión da determinación de sistema de xeito obrigatorio no plan xeral (art. 112.2 LSG), outorgándolle un rango superior ao de instrumento de xestión e incluíndose por tanto esta determinación dentro das contidas no planeamento urbanístico, a aprobación definitiva do cambio de sistema ha de acordarse polo Pleno (art. 22.2.c) LRBRL).

(..)”

En vista do informe anteriormente transcrito, propónse ao Pleno do Concello de Oleiros que adopte acordo do seguinte teor literal:

PRIMEIRO.- desestimar as alegacións presentadas polas persoas que a continuación se sinalan, en atención aos argumentos expostos no informe xurídico de data 14 de febreiro de 2023 que se transcribe no corpo do acordo:

a. Dona Paula Naya Montero, con NRE 2022023268, de 22 de decembro

b. Dona María Delfina Losa García, con NRE 2023000612, de 13 de xaneiro

c. Dona María Concepción Castro Suárez, en representación de Herdeiros de dona Josefa Suárez Illanes, con NRE 2023000612, de 13 de xaneiro

SEGUNDO.- aprobar definitivamente o cambio de sistema de actuación para o solo urbano non consolidado POL-4 – Santa Ana (Mera), pasando dun sistema directo de cooperación a un sistema directo de expropiación, tratando de garantir a través deste sistema unha correcta distribución do réxime de beneficios e cargas.

TERCEIRO.- dar publicidade ao cambio de sistema no BOP da Coruña, e notificar individualmente aos propietarios afectados.

CUARTO.- delegar na alcaldía a competencia para a resolución dos recursos, alegacións ou calquera outra figura xurídica que se opoña ao disposto no punto primeiro deste acordo.

QUINTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición dos seguintes recursos:



CONCELLO DE
OLEIROS

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.”

Punto 4.- Aprobación, se procede, da rectificación da rede de camiños públicos do Concello de Oleiros a efectos de inclusión dos números 6-8 e 10 da Rúa Lagarteiras - Montrove (Liáns)

Expón o asunto oa voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que por resolución do alcalde de 27 de decembro de 2022, resolveuse aprobar inicialmente a inclusión na rede de camiños públicos de titularidade municipal ó tramo da vía dos números 6-8 e 10 da Rúa Lagarteiras, Montrove, de conformidade co exposto no informe emitido pola coordinadora de servizos urbanísticos.

O que acontece nesta Rúa Lagarteiras é que as parcelas resultantes proveñen dunha finca matriz que se foi dividindo e vendendo en partes, tal e como se deduce do estudo das escrituras e a información catastral da que se dispón. Na actualidade, hai un acceso ás fincas que pertencería en teoría ó propietarios orixinario das parcelas, se ben ten servizo de augas e de rede de sumidoiro. Trátase polo tanto, dunha vía na que a finalidade pública da inclusión na rede de camiños residiría en garantir o acceso e servizo ás fincas da zona, incluso xa na cartografía catastral xa delimita perfectamente este vial, sen incluílo en parcelas lindeiras.

Trala concesión de trámite público, por un prazo de dez días, a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión da Coruña, non se presentou alegación ningunha polo que procede adoptar acordo de rectificar a rede de camiños públicos, de titularidade municipal, aprobada por este pleno na súa seesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2012, incluíndo o tramo dos números 6, 8 e 10 da nomeada Rúa Lagarteiras en Montrove-Liáns.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 17 de febreiro de 2023, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **tres (03) abstencións** (tres (03) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:



“ASUNTO: rectificación da Rede de Camiños Públicos do Concello de Oleiros para incluír a rúa Lagarteiras (Montrove-Liáns)

Por Resolución da Alcaldía número 2022006418 do 27 de decembro, resolveuse aprobar inicialmente a inclusión na REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL do tramo de vía que conta cos números 6, 8 e 10 da rúa Lagarteiras (Montrove-Liáns), de conformidade co exposto no informe da coordinadora de servizos urbanísticos da mesma data. O devandito informe, que figura no expediente, indica (transcrición literal parcial):

“(…)

Con idéntica formulación, tanto o artigo 74.1 do TRRL como o artigo 3.1 do RBEL dispoñen que “1. Son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local.”, o que engloba a todos estes bens na categoría dos bens de dominio público conforme aos artigos 79.3 da LBRL e 2.2 do RBEL.

A competencia municipal en materia de vías públicas (art. 26 LRBRL) alcanza tanto ás urbanas como ás rurais e é obrigación das Entidades Locais mantelas en bo estado de conservación. As vías públicas constitúen en canto á súa utilización un suposto de “uso común xeral”, non suxeito a licenza ou autorización, estando o seu uso permitido por igual a todos.

Os camiños públicos son bens de uso e dominio público. O carácter público ou privado dependerá da natureza do chan sobre o que transcorren. Camiño público é aquel cuxo chan é público, e que debemos diferenciar da servidume de paso sobre chan privado (art. 564 do Código Civil e STS do 27 de maio de 1995). A xurisprudencia ten declarado que os camiños teñen a condición de públicos (STS do 7 de maio de 1987), sendo para estes efectos indiferente que non figuren no Inventario de Bens se o carácter de uso público do camiño se acredita suficientemente (STS do 29 de setembro de 1989). Nin sequera o feito de que no Rexistro da Propiedade estivesen rexistrados como de propiedade privada constitúe un obstáculo á titularidade e carácter de dominio e uso público do camiño. A conservación de camiños e vías rurais constitúe, segundo o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) unha competencia local.

A Sentenza do Tribunal Supremo do 7 de maio de 1987 define os camiños públicos facendo referencia á súa finalidade pública indiscutible. Mesmo a principios do século XX, o concepto de camiño público entendíase como camiño veciñal que conectaba dous municipios; un municipio cunhas estacións de ferrocarril; cun embarcadoiro, etc. Así mesmo recóllese na Lei do 30 de xullo de 1904 e o Regulamento do 16 de maio de 1905, substituída posteriormente pola Lei do 29 de xuño de 1911 e xunto ao seu regulamento do 23 de xullo de 1911; onde as citadas normas definían os camiños veciñais como: “os que enlazan un pobo con outro, cunha estación de ferrocarril, cun porto, cala ou embarcadoiro, cun mercado, estrada ou camiño veciñal, así como os que dentro dun municipio enlazan as cabezas do mesmo cos suburbios caso de separación maior de dous quilómetros.”

Por outra banda, o Pleno do Concello en sesión celebrada o 26 de xaneiro de 2012 aprobou a rede de camiños públicos de titularidade municipal, aprobación que foi completada con acordo plenario de 26 de xullo de 2012, que resolveu os recursos presentados. Neste trámite non foi presentado ningún recurso ao respecto da condición pública ou privada deste acceso.

Na rúa Lagarteiras ocorre que as parcelas actuais proveñen dunha finca matriz que se foi dividindo e vendendo por partes, tal e como se deduce do estudo das escrituras e a información catastral da que se dispón. Na actualidade, hai un acceso ás fincas que pertencería en teoría ao propietario orixinal das parcelas, se ben ten servizo de augas e de alcantarillado e é necesario para dar servizo ás parcelas. Trátase, por tanto, dunha vía na que a finalidade pública da inclusión na rede de camiños residiría en garantir o acceso e servizo ás fincas da zona.

A cartografía catastral xa delimita perfectamente o vial, sen incluílo en parcelas lindeiras. Tamén o fai así o PXOM de Oleiros.

4. Conclusións

En virtude do anteriormente disposto, o tramo de vía que conta cos números 6-8 e 10 da rúa Lagarteiras (Montrove-Liáns) cumpre os requisitos legais para ser considerado como camiño público.

“(…)”

Tras a concesión trámite de información pública polo prazo de 10 días, anunciándose no BOP da Coruña núm. 14, de 20 de xaneiro de 2023, nun xornal da provincia (La Voz de Galicia de 19 de xaneiro de 2023) e no taboleiro de anuncios do Concello, non se teñen presentado alegacións.



CONCELLO DE
OLEIROS

No informe da coordinadora de servizos urbanísticos citado establecíase que, unha vez tramitado o expediente e informadas as alegacións que se presenten, elevar ao Pleno do Concello o expediente para a aprobación definitiva, o cal se incluíu tamén na Resolución da Alcaldía número 2022006418 do 27 de decembro. Consta no expediente dilixencia asinada pola funcionaria encargada de data 3 de febreiro de 2022.

En vista do anterior, e en atención as facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, a esta Alcaldía, propoño que o Pleno do Concello de Oleiros adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Rectificar a Rede de Camiños Públicos de titularidade municipal aprobada por acordo do Pleno en sesión celebrada o 26 de xullo de 2012, acordando a inclusión do tramo cos números 6-8 e 10 da rúa Lagarteiras, na parroquia de Liáns (Oleiros).

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo ao servizo de SIT-Catastro do Concello de Oleiros, para que se realicen as correccións oportunas en Catastro e no resto de rexistros administrativos a efectos de deixar debidamente documento o acordo adoptado.

TERCEIRO.- Dar traslado ao interesado e aos titulares das parcelas colindantes co camiño incluído na Rede de Camiños Públicos.

CUARTO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición dos seguintes recursos:

3. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente."

Punto 5.- Dar conta do escrito presentado polo grupo municipal "Socialista" de nomeamento de voceira titular e suplente, ademais de membro titular e suplente do seu grupo político na comisión informativa de "asuntos de competencia plenaria"

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* do escrito que se cita presentado polo grupo municipal "Socialista" no que nomean voceira e suplente e membro titular da comisión informativa de "asuntos de comptencia plenaria" e suplente, quedando deste xeito:

- Escrito Rexistro Entrada nº 2023001073, de 23 de xaneiro

1º) Actuará na comisión informativa de "asuntos de competencia plenaria":

- Titular: Anna M. Candal Malvís.
- Suplente: Diego Chazarreta Arévalo.

2º) Actuará como voceira de grupo nas sesións plenarias:

- Titular: Anna M. Candal Malvís.
- Suplente: Diego Chazarreta Arévalo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 6.- Dar conta da información remitida ao Ministerio de facenda relativa á execución do orzamento e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondentes ao 4º trimestre de 2022

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información remitida ó Ministerio de Facenda e AAPP relativa á execución e cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria regulados na Lei Orgánica 2/2012, correspondente ó 4º trimestre de 2022.

Punto 7.- Dar conta da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 4º trimestre de 2022

Tódolos concelleiros e concelleiras asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* da información sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Oleiros previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, correspondente ó 4º trimestre de 2022.

Punto 8.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023000350 ata o nº 023000823 (incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023000350 ata o nº 023000823 (incluídos).

Punto 9.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Sinala o alcalde, D. **Ángel García**, que hai varias propostas de moción presentadas, empezando pola achegada polo BNG presentada no rexistro o pasado 15 de febreiro, de mellora do transporte público.

9.1.- Moción do grupo municipal “Mixto”-BNG para mellora do transporte público en autobús no Concello de Oleiros

De orde do alcalde expón a moción presentada o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dando lectura ó texto da moción que se transcribe no acordo acadado.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **dezaséis (16) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG ; trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e tres (03) votos en contra (tres (03) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que tendo en conta a moción presentada polo BNG e como expón no texto a mesma, previamente deberíase realizar un estudio ou plan de mobilidade sustentable.

Para facer as cousas ben, deberíase realizar unha análise certa dos medios, dun posible crecemento poboacional definindo as melloras para levar a cabo esa mobilidade sostible e responsable medioambientalmente. Todo é mellorable, pero tendo en conta o recente incremento na frecuencia das liñas que pasan por Oleiros, unha das máis altas do transporte metropolitano, así como as ampliacións da liña de Rialta-Entre Xardíns ata Mera e as modificacións feitas trala entrada en vigor do plan de transporte de Galicia para introducir melloras atendendo ás peticións trasladadas polos usuarios e polo propio concello, como a nova liña que conecta A Coruña co Polígono de Lñás, aínda coas súas deficiencias ou as liñas especiais no verán así como as relacionadas co ocio nocturno, para poder acudir a festivais, sería máis convinte concretar as peticións ou necesidades con posibilidade de mellora do transporte público tendo en conta a realidade de uso, porque o esforzo realizado coa mellora do transporte público foi considerable, coa fin de amoldar o máis posible o servizo coas necesidades dun xeito construtivo.

Cabe salientar que 4.070 mozos e mozas de Oleiros contan coa tarxeta “Xente Nova”, o que supón un aforro importante para as familias supondo un incremento da demanda e un incremento das prazas nese servizo. As impuntualidades do servizo débense en moitas ocasións ás obras que se están a executar nas infraestruturas, o que neste intre ten difícil solución.

No que se refire á información, tanto a Xunta de Galicia coma a empresa concesionaria, contan con aplicacións que a facilitan, so cabería quizáis solicitar do concello a posibilidade de instalación nas paradas de paneis que trasladen as informacións da apps para tódolos usuarios que non se manexan con estas novas tecnoloxías.

Tamén solicitar que, do mesmo xeito, que se trasladen aquelas achegas da cidadanía ou colectivos como propuxeron nalgún pleno anterior, sobre algunha liña en concreto ou a súa frecuencia para que, en dialogo co goberno, se cheguen a cubrir esas necesidades e se mellore o transporte público. O 88% do transporte público de Oleiros é accesible e está pendente da renovación da frota para que o máis axiña posible esa accesibilidade sexa do 100% que sería o aconsellable, co que posiblemente se cheguen a solventar tamén algunhas das outras melloras sinaladas no texto da moción que se presenta.

Sería interesante tamén coñecer os resultados do traballo que o concello ven de contratar a unha empresa para facer o estudio de mobilidade e así, con tódolos datos, traballar en colaboración para facer un plantexamento conxunto, real e viable.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, sinalando que están de acordo coa urxencia da moción presentada, como así votaron, e travería a dicir incluso que esta moción do BNG aínda se lle queda curta. O transporte da área metropolitana da Coruña é nefasto, terceiromundista, viaxou por toda España e cre que non existe un transporte metropolitano peor e vai máis alá, en Oleiros é terrorífico.

Un exemplo moi básico, él vivía en Montrove e se entraba a traballar ás 7 de mañán en POCOMACO non chega, non hai xeito de facelo, non existen transbordos nin autobús directo, ¿Qué clase de cidade ou área metropolitana



CONCELLO DE
OLEIROS

se está a crear? E xa non fala si se vive en Dexo, Lorbé ou Serantes. Non sabe si hai que facer máis estudos, pero o que hai que cambiar son as frecuencias, os autobuses, vontade política para cambiar as cousas.

Cre que por parte da Xunta de Galicia non hai vontade política, pero si outro tipo de vontades porque isto hai un par de anos houbo posibilidade de arranxalo e non se fixo, vendéndose moi ben que os autobuses ían chegar a Entre Xardíns, está tamén moi ben o da “Tarxeta Xoven” para que a xuventude viaxe de balde, é todo moi bonito cara a galería, pero ó final un traballador que quera chegar de Montrove ou Dexo a POCOMACO non pode e iso dído todo, anuncia o voto favorable á moción aínda que insiste en que lles queda un pouco curta.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, anunciando tamén o voto favorable do seu grupo e, en principio, quere tamén resaltar o esforzo feito pola Xunta de Galicia nos derradeiros anos, pero quere aproveitar a ocasión para seguir reiterando a petición de aumentar as frecuencias no Polígono de Iñás, porque é unha das peores liñas, cunha frecuencia de cada dúas horas e ademais inicia o percorrido ás 9 da mañán, polo que os traballadores do Polígono non poden collela para ir traballar.

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Mª José Varela**, manifestando que a moción do BNG trata aspectos moi xenéricos e o goberno municipal nunca estará en contra da petición de que se mellore o transporte público na área metropolitana da Coruña e en Oleiros.

Levan moitos anos loitando para a mellora do transporte público, pero as competencias son da Xunta de Galicia e esta concelleira que está agora intervindo leva anos e anos loitando con tódolos Directores Xerais que pasaron, foran do PP ou do PSOE, e quere salientar unha cousa, todos son iguais, ninguén soluciona nada nin ten vontade política de arranxalo, moi boas palabras pero nada.

Hai dous anos, con motivo da contratación pública das novas concesións, tiveron a oportunidade de mellorar o transporte, unha oportunidade única despois de estar anos e anos cunha concesión antiquísima que non melloraba senón que empeoraba o transporte público, porque cada vez desaparecían máis frecuencias, non contando para nada a opinión deste concello e cónstalle que nos outros da área tamén porque houbo foros entre os concellos desta área metropolitana, como chaman pero que non dan o paso para que sexa unha realidade, queren os beneficios pero non materializala e para chegar ós beneficios hai que constituíla primeiro.

Dicía que en xuntanzas con diferentes concellos, todos coinciden en que hai que mellorar o transporte público metropolitano, falouse co Concello da Coruña e casi se chega a un acordo de facer unha autoridade única para o tema do transporte, porque a Xunta de Galicia non arrica e se algo fai son estudos millonarios para seguir tendo o que hai e non mellorar, porque insiste en que hai dous anos realizaron unhas novas concesións e ¿Qué se mellorou? Un acordo de mínimos, mínimos sobre mínimos, que se solicitou polo concello e que nen sequera chegaron a conceder o que pedía este goberno, e é verdade que algo mellorouse, só faltaba despois de cincuenta anos dunha concesión, pero as melloras que houbo foron simples, como dixeron a liña de Rialta a Mera, para facilitarlle unha conexión cunha zona municipal moi importante, como é a zona norte, pero ata Mera e non a Lorbé, como así o solicitou este goberno municipal.



CONCELLO DE
OLEIROS

Insiste en que non se mellorou o que se tiña que mellorar, porque a veciñanza de Oleiros non só vai á Coruña ¿Por qué non se pode ir a Cambre ou Arteixo? ¿Por qué non se pode facer un transporte transversal? Que sería o lóxico, porque despois de cincuenta anos da concesión a nova tería que ser cun pouco de sentido despois de facer un estudio de verdade das necesidades da veciñanza de toda a área, non se fixo e se perdeu unha oportunidade única. Todo isto depende da Xunta de Galicia, como xa dixó, quen ten as competencias nesta materia e a bonificación tarifaria que houbo durante estes anos e que tanto o PSOE coma o PP quixeron facela de seu, foi grazas a un Director Xeral do PP que se chamaba Valeriano Fernández, que logo foi conselleiro de Facenda, foi quen de aprobar esta bonificación tarifaria para tódolos concellos que formaban a coroa con Coruña e agora é certo que existe a “Tarxeta Xoven” e máis bonificacións para xente maior, pero son melloras insuficientes porque o que hai que levar a cabo dunha vez é un estudio xeral e real do transporte metropolitano e sinálalle ó voceiro do BNG que o goberno municipal está de acordo coa moción presentada, que pode ser moi xenérica, pero sempre que se pida unha mellora do transporte da área da Coruña “Alternativa dos Veciños” estará sempre ó fronte da mesma.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Ivan Roca**, manifestando que non ten moito máis que dicir, só unha anécdota que lle aconteceu esta fin de semana, colleu o bus en Dexo ás 15.45 h. e non recibiron ningún tipo de información e logo ó chegar á Coruña, atopáronse cunha caravana de comparsas e tiveron que esperar un bo rato parados, logo á volta quixo collelo ás 10 da noite e non houbo, había xente esperando por él e estaba bastante desesperada porque normalmente a xente que colle o autobús adoita ser xente humilde e non se poden permitir o que fixo él, porque tivo que coller un taxi e pagar 32 €.

Outra experiencia que tivo coa liña de transporte, foi cando rompeu o pulso esquerdo por un accidente e non podía conducir e tiña que facer a rehabilitación no Burgo, ó final facíao a pé porque coas opcións que tiña para utilizar o transporte decidiu facelo así; os buses que saen de Mera están como dez minutos parados, tiñan que saír ás e trinta e cinco e non saen antes das corenta e cinco ou cincuenta e como comentaron antes, xente de pé, un pouco unha trapallada, algo mellorou pero moi pouco.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando como dixó antes a voceira do goberno municipal que este concello leva moito tempo loitando pola mellora do transporte público, chegando incluso a poñer un bus municipal, o primeiro bus municipal que se artellou en toda a comarca da Coruña, que ía desde Deixo para non deixalo illado e pasaba por todas as parroquias como Mainca, pola traseira de Iñás que aínda funciona a día de hoxe e que paga integramente as perdas o Concello de Oleiros.

A Xunta de Galicia nunca quixo nen sequera axudar niso, o bus de Arillo que funcionou durante anos foi a proposta de M^a José Varela e do goberno municipal, que empurrou para que chegase esa liña a un núcleo de poboación que era xa significativo desde a execución da urbanización Rialta e por interese da propia empresa concesionaria ó final chegou ata alí, a día de hoxe chega a Mera aínda que a intención do goberno municipal sempre foi que chegase ata Lorbé pero tamén por interese da propia concesionaria ó non haber nesa zona moita poboación, desbotaron a petición.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo existe outra parte, que dicía M^a José Varela que tanto daba que gobernase un coma o outro e que se atribuían que o gasto corría pola súa conta e quere clarear que o Concello de Oleiros paga unha parte do billete, un 20% do que representa o custo para os e as usuarias, non tendo competencia nesta materia de transporte, como iso tamén noutras outras cousas que non teñen competencia como o mantemento dos edificios escolares ou nun intre pasado os centros de saúde, ata que o goberno municipal negouse a pagar o gasto de auga, calefacción ou de limpeza téndose que facer cargo o SERGAS, cre que a día de hoxe aínda existen concellos que corren con ese gasto ó que Oleiros negouse.

A primeira folga xeral que se convocou, que chegou a colapsar A Coruña, pechando as estradas de Arteixo, Alvedro, O Portazgo, a Ponte Pasaxe, todo foi convocada por este concello e a raíz disto conseguíranse unhas pequenas melloras, polo que a loita foi e é constante, están agora coa ampliación para todo o ano de que o bus urbano da Coruña chegue a Sta. Cristina, que non sexa só polas praias no verán, pero parece que non existe moito interese polas outras dúas administracións e dalgunha espérase pero doutras, en teoría debería estar na mesma liña pero parece que non é así.

Sobre os atrasos, é certo que o sábado pasado estaba A Coruña colapsada pero tamén é certo que era un colapso esperado, polo que habería que ter unha planificación previa para estudar un percorrido alternativo ou parar na Pza. de Ourense ou en Catro Camiños, polo que houbo unha falla de previsión. No que atinxe ó resto de días, os atrasos poden tamén ser provocados por imponderables, como accidentes, atascos, etc provocan que non se cumplan cos horarios previstos.

Votación da moción

Pasándose á votación da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG coa inclusión da emenda exposta polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, acádase o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG; trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **tres (03) votos en contra** (tres (03) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, que se transcribe:

“Exposición de motivos:

Escenario económico inestable cunha crise inflacionista con soba do prezo dos carburantes, crise climática global, utilización masiva e case única de automóviles particulares. Vías de comunicación que aos poucos anos xa era necesario ampliar ou reformar, co subseguinte investimento en obra pública.

A realidade climática global do noso século emprázanos a superar un modelo a todas luces insustentable no medio prazo, facendo do transporte público colectivo, xunto con outras formas de desprazamento limpas e eficientes (a bici, os desprazamentos a pé en traxectos curtos...), o actor central dun novo modelo de mobilidade nos espazos urbanos.

Oleiros é, en 2023, un concello cunha lóxica netamente urbana e metropolitana no que ten a ver coa súa mobilidade. As súas características territoriais, sociais ou económica fan que gran parte da nosa poboación, que segue en aumento, se desprace diariamente entre o seu lugar de residencia a centros de traballo, de



estudos, de compras ou lecer, na maior parte dos casos en traxectos que son relativamente pequenos, de menos de 15 quilómetros. Que o groso destes desprazamentos cotiáns se produzan a través do vehículo particular, como acontece, non é sustentable no medio prazo e urxe articular medidas dirixidas a substituír progresivamente estes usos, aos que gran parte da poboación leva anos habituada, por outros máis responsables co noso futuro e benestar colectivos. Coincidente con esta liña de pensamento é que se enmarca, ou así o entendemos, o Plan de mobilidade urbana sustentable de Oleiros (PMUS), cuxos traballos de redacción veñen de ser recentemente contratados. Para lograr unha mudanza de hábitos nos nosos desprazamentos diarios cómpre antes articular unha rede de transporte público colectivo competitiva, cómoda, eficaz e operativa propia dun contexto metropolitano europeo, de maneira que o público usuario potencial perciba que utilízalo é, ademais de máis responsable ambientalmente, máis barato e cómodo e igual ou máis eficaz e operativo que facelo en vehículo particular.

Lamentablemente, non é esta a realidade diaria das liñas de transporte público metropolitano que atravesan o noso concello e os concellos limítrofes: as nosas veciñas e os nosos veciños padecen-padecemos liñas de autobús que van saturadas, tendo que ir de pé en horas punta pola negativa das empresas concesionarias a reforzar o servizo con máis vehículos, con atrasos continuos, con traxectos que por veces superan a hora de duración, etc. A pesar da leve mellora, experimentada nos últimos tempos no referido ao horario nocturno de luns a venres, os horarios dos últimos traxectos seguen dificultando o transporte de regreso do alumnado de estudos nocturnos, conservatorio, bachelarelato, universidade..., así como de traballadoras e traballadores de quenda de noite. Os fins de semana os horarios do último servizo de volta desde A Coruña seguen a ser raquíticos e ridículos, impropios dunha realidade metropolitana como a nosa, con gran prexuízo para as persoas que traballen en sábado ou domingo, máis limitando tamén o dereito a poder compatibilizar calquera actividade de lecer co uso do transporte público. Algo do que saben ben as persoas máis novas.

Ás dificultades descritas súmanse as limitacións relacionadas coa accesibilidade, nalgúns dos buses con que as concesionarias cobren os servizos que atravesan o noso concello: vehículos con escaleiras moi empinadas, sen rampla para persoas con dificultades de mobilidade, sen espazo para persoas con diversidade funcional ou carriños de bebé... Todo isto, cunha moi deficiente política informativa e de comunicación das empresas concesionarias do servizo: pantallas de anuncio de destino que non se len, aplicacións informáticas insuficientes e/ou sen actualizar, sinalética ausente ou deficiente nas paradas, información incompatible coas persoas con deficiencias visuais...

Todo o referido non só fai dificilmente atractiva a alternativa do transporte público colectivo, en moitas ocasións aboca na práctica a nosa veciñanza ao uso do transporte privado, xerador do colapso crónico da nosa rede viaria local e metropolitana, contaminación e dificultades de desprazamento cotián ás persoas con menos recursos económicos.

Unha alternativa ambientalmente sustentable ten que ser vista, ademais, como viable e competitiva. Non é suficiente con baixar os prezos nin mesmo con ofertar a gratuidade no uso do transporte a determinados colectivos. Se queremos que vivir en Oleiros sexa sinónimo de verdadeira calidade de vida ten que haber un transporte público metropolitano con horarios adecuados ás necesidades da poboación, frecuencias e servizos suficientes, vehículos cómodos e accesibles, adaptados a todas as diversidades funcionais e cuns soportes informativos que faciliten a vida ao público usuario. En definitiva, que non sexa unha odisea desprazarse á cidade da Coruña ou a través da área metropolitana.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao pleno municipal á adopción do seguinte ACORDO:

- O pleno do Concello de Oleiros solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia para que, a través da Comisión de seguimento á implantación do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia ou organismo análogo, inste á empresa de transporte ALSA, así como ás outras concesionarias do servizo de transporte público colectivo que presten servizo dentro do noso municipio a:

- 1.- Aumentar a frecuencia de buses nas horas de entrada e saída de centros do estudo e traballo, o reforzo dos servizos nas chamadas horas punta e a ampliación de horarios polas noites e durante o fin de semana, así como mellorar a súa puntualidade por medio dos axustes necesarios nos seus traxectos.

- 2.- Mellorar a información ao servizo das persoas usuarias das liñas de autobuses, mellorando a cartelería anunciante dos destinos dos vehículos e a sinalética das paradas, establecendo avisos das paradas cun sistema por voz, por exemplo ou creando novas ferramentas de comunicación mediante o aproveitamento das novas tecnoloxías.



CONCELLO DE
OLEIROS

3.- Revisar e renovar, con carácter de urxencia, a frota de vehículos destinados a dar servizo ás liñas de transporte metropolitano que atravesan Oleiros, no sentido de garantir que todos eles sexan accesibles ao ser uso por persoas con tido tipo de diversidade funcionais, estean previstos de espazo suficiente para PMR e, así mesmo, contén con medios adecuados para o acceso destas.”

9.2.- Moción do grupo municipal “Popular” relativa á ordenación do litoral de Galicia

De orde do alcalde expón a moción presentada a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a M^a Dolores Silva, dando lectura ó texto da moción presentada a través do rexistro xeral do concello (R.E. nº 2023002691, do 17 de febreiro de 2023) que se transcribe:

“Exposición de motivos:

A Constitución Española non reserva ao Estado competencia exclusiva ningunha de ordenación do litoral, salvo recoñecerlle que é de titularidade estatal o dominio público marítimo-terrestre e que debe facer a súa regulación mediante lei.

Porén, a Constitución no seu artigo 148, si que recoñece que as comunidades autónomas poderán asumir, entre outras, as competencias en materia de ordenación do territorio.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 ven recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio público marítimo terrestre non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA de litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o Tribunal Constitucional tamén ven recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia.

De feito, o pasado 15 de decembro de 2022, a Xunta deu inicio á tramitación desta norma, que ten como obxectivo regular a xestión das actividades humanas no litoral, garantindo o aproveitamento sostible do litoral, dos seus recursos e mantendo en bo estado os seus ecosistemas e, por suposto, protexendo tamén o litoral, como lugar estratéxico para o desenvolvemento económico e soporte das actividades económicas e sociais que crean emprego para a poboación e que son propias da súa identidade.

O texto, ademais, ten en conta os distintos usos existentes nesta franxa, os riscos e ameazas que afectan aos ecosistemas mariños, e as diferentes Administracións públicas que hai implicadas na súa xestión.

A elaboración desta nova enmarcase na demanda trasladada ao Goberno central, tanto por parte da Xunta como polo Parlamento de Galicia, para que Galicia poida ordenar o seu litoral e asuma, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, que poida exercer as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de Autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.



CONCELLO DE
OLEIROS

Desde o grupo popular considérase imprescindible que Galicia regule a súa costa para protexela máis e tamén para que se poña freo aos ataques impulsados nos últimos anos polo Goberno central que teñen como obxectivo de eliminar calquera vestixio de presenza humana do litoral sen avaliar as súas consecuencias.

Por todo o exposto, o Grupo Popular no Concello de Oleiros presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

O Concello de Oleiros insta ao Goberno central a:

- 1.- Recoñecer as lexítimas competencias de Galicia en materia de ordenación do litoral atribuídas no seu Estatuto de Autonomía respectar a lei galega de ordenación do litoral na medida en que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que a nosa Comunidade ten recoñecidas no seu Estatuto.
- 2.- Realizar o traspaso efectivo dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer a competencia exclusiva de ordenación do litoral, que inclúe como función executiva a xestión dos títulos habilitantes sobre o litoral.
- 3.- Velar pola protección do dominio público marítimo terrestre sen prescindir das súas funcións sociais dado o seu carácter de lugar estratéxico para o desenvolvemento de determinadas actividades económicas e sociais que se desenvolven na nosa costa."

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que remata de salientar a concelleira do grupo "Popular" intervinde que a constitución española establece como competencia do Estado a ordenación das costas españolas, que pode transferir estas competencias ás comunidades autónomas, non que éstas teñan dereito senón que o Estado pode transferir esa competencia.

O goberno central remata de sinalar hai uns días que non vai transferir esta competencia, polo que non existe ningunha urxencia no tratamento desta moción e neste senso votará o goberno municipal.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal "Popular", producíndose o resultado da unanimidade dos presentes nesta sesión, é dicir, por **tres (03) votos a favor** (tres (03) do grupo municipal "Popular"); **dúas (02) abstencións** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e unha (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda rexeitar a urxencia* da moción presentada polo grupo municipal "Popular".

Segue en uso da palabra o alcalde, D. **Ángel García**, salientando que existe unha moción máis do grupo municipal "Socialista", ó que lle responde o concelleiro do nomeado grupo, D. **Diego Chazarreta**, que non a vai presentar porque ó terse lída a declaración institucional deste pleno sobre o tema da muller, non ten obxecto tratala, polo que o aclaide, Sr. **García**, sinala que logo se pasa xa directamente á quenda de rogos e preguntas.

*** rogos e preguntas**

9.3.- Rogo do grupo municipal "Popular" sobre problemas de exceso de iluminación dos paneis informativos

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Algún dos paneis informativos existentes ó longo do termo municipal, pola súa altura e luminosidade, adoitan deslumbrar ós condutores, sobre todo nalgunha das vías principais, polo que rogan que se rebaxe esa potencia lumínica ou, nalgún caso, que se baixe en altura.”

9.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre creación de máis prazas de Policía Local

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“As tres novas prazas de Policía Local non cubren as necesidades municipais, chegando incluso a que existan quendas nas que non cubren o mínimo de efectivos, polo que rogan que se creen máis prazas para chegar ó ratio recomendado segundo a poboación municipal.”

9.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre matices feitos polo goberno municipal á redacción do proxecto de reforma de Sta. Cristina

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“O seu grupo municipal remata de presentar alegacións ó proxecto da reforma da Avda. de Sta. Cristina, obra que vai executar a Deputación provincial, o que ven supoñer unha nova paralización ou retraso na súa execución, nun proxecto tan necesario desde hai tempo.

Sorpréndelles moito que estas alegacións, matices ou supervisións ó proxecto redactado non se puxeran de manifesto ós seus redactores antes de que vise a luz e fáganse agora, polo que solicitan do alcalde que estea máis atento ós intereses veciñais de Oleiros e que informe axeitadamente ó inicio da redacción dos proxectos das necesidades municipais.”

9.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre derrubos de terreo no Xunqueiro e no Parque das 13 Rosas

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Segundo lles informan, no Xunqueiro e n Parque das 13 Rosas hai partes do terreo que están a caer ó mar ¿Que medidas ten pensado levar a cabo o goberno municipal ante as autoridades competentes para que isto non aconteza?.”

9.7.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre petición de “cita previa” na Garda Civil e no Xulgado de Paz de Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“En canto á petición de “cita previa”, ó contrario do concello que foi áxil á hora de desbotala, existen dúas institucións no concello, a Garda Civil e o Xulgado de Paz, que seguen con ela. Aínda que a Garda Civil non depende en absoluto do concello, cre que o Xulgado de Paz algo ten que ver, a institución armada ademais da “cita previa” exige o uso dunha aplicación chamada “e-denuncia” para realizaren diversos tramites administrativos e mesmo para denuncias de índole penal, como por exemplo roubos de ou en vehículos, furtos, etc. nesos casos hai que empregar esta aplicación de “e-denuncia” para solicitar a cita previa, isto está instaurado a nivel nacional polo Ministerio do Interior é dicir, non é unha cousa do cuartel de Oleiros e tamén, no Xulgado de Paz de Oleiros, na que a atención e só por cita previa e existe un aviso/cartel nas dependencias que o aforo é máximo dunha persoa.

Dadas as dificultades para determinados segmentos da poboación a relación con estas institucións vía on-line, sobre todo persoas maiores, rogan ó goberno municipal que realice as xestións oportunas con estas dúas institucións para que faciliten as xestións de xeito presencial e directa.”

9.8.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG en canto a deficiencias no uso do carril-bici

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Chégaronlle varias queixas dos usuarios habituais do carril-bici do concello, nomeadamente en que existen varios treitos nos que debido ó risco de impacto cómpre esquivar as pólas de árbores, a pesares de ter feito xa a poda; na zona do Couto, existen postos da luz no medio do carril e en tramos mixto peóns/bicis, son moi estreitos e so entra unha soa bicicleta, polo que só está habilitado para aqueles ou aquelas que teñan unha boa



CONCELLO DE
OLEIROS

pericia; en moitos puntos o carril-bici córtase na saída das rúas, non está nin pintado nin sinalizado, polo que non queda moi clara a preferencia, polo que resulta un tanto perigoso sobre todo para o ciclista, en todo caso.

Na rotonda do Halley, no paso de peóns da dereita en dirección a Sta. Cruz, existe un paso de peóns e un do carril-bici, pero non no outro sentido. Ante isto e ó non habelo, os ciclistas teñen prohibida cruzalo montado polos pasos de peóns, existen moitos puntos así, polo que interpretando dun xeito correcto o regulamento, habería que montar e desmontar en moitas ocasións.

Finalmente, no treito que sobre á rotonda de Nirvana, toda esta tempada de inverno estivo cuberto de area, impracticable logo e é certo que moitos dos días, cando o mar está vivo, non se pode pasar pola acción do mar pero é certo que estivo así semanas e semanas, pensa que con repasar a zona unha vez a semana sería suficiente, por isto solicita que se atendan estas cuestións para facilitar o uso do carril-bici.”

9.9.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG en canto problemas de seguridade dos peóns na estrada AC-173

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Por razóns de sobra coñecidas, o concello non vai asumir a titularidade da estrada AC-173, de titularidade da Xunta de Galicia, e conta cuns problemas de seguridade na que tanto a veciñanza ó seu paso polo Couto, como o concello, están de acordo en que deben solucionarse ante a desidia e falla de resposta por parte da institucións autonómica. Neste intre, a veciñanza só pode acudir á vía contencioso-administrativa dado que a vía administrativa está esgotada, desde o BNG estase a facer o que se pode no Parlamento Galego, polo que solicitan que o concello tome unha postura máis activa neste asunto, reivindicando como propia esta demanda ou asesorando á veciñanza no recurso a presentar ante a vía xurídico-contenciosa.”

9.10.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre elaboración e posta en funcionamento de protocolos contra a violencia sexual

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Desde o BNG entenden como necesaria e precisa a implantación de protocolos contra a violencia sexual, que estableza unha actuación inmediata e estandarizada en espazos de lecer nocturno ou aglomeracións sociais, nomeadamente, nas festas do verán.

Por isto, solicitan do concello a elaboración deste protocolo cunha formación e financiamento que debera correr por conta da Xunta de Galicia.”

9.11.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre instalación de máis bancos no Parque das 13 Rosas

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

“No Parque das 13 Rosas, un emblema para o concello, existe unha carencia referente ós bancos de descanso e desde Bastiagueiro a Sta. Cruz non hai practicamente, incluso no existen case no medio do traxecto existe só un banco e fíxose en varias ocasións que fixo o percorrido que ás veces hai xente maior que está á espera de que desocupen ese banco para facer unha parada, polo que roga que se instalen máis para poder disfrutar das vistas e que serva ó mesmo tempo de parada para descansar un anaco.”

9.12.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre a aportación municipal ó Consorcio contra-incendios

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

¿No derradiero pleno da Deputación provincial dixo que a aportación municipal ó Consorcio Contra-incendios era de 200 millón das antigas pesetas, o que ven sendo 1.200.000 € ¿É real este dato?.”

9.13.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre o enderezo do voceiro do grupo “Popular”

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“No programa da Emisora Municipal Radio Oleiros o alcalde fixo unhas declaracións acerca de onde estaba empadroado o voceiro do grupo “Popular” José Bonome, polo que lles gustaría saber de ¿Onde sacou os datos? porque é mentira que estea empadroado na casa que se derrubou.”



CONCELLO DE
OLEIROS

9.14.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre as urbanizacións que se están a executar no concello

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“¿Cantas urbanizacións se están a executar no concello?; ¿Cantas vivendas son? E ¿Cantas vivendas son de VPO?.”

9.15.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre custo da edición do libro de equipamentos do concello

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Insisten na pregunta feita no pleno anterior sobre ¿Cal é o custo da edición do libro de equipamentos municipais?.”

9.16.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre valoración das noticias de prensa en canto ó proceso polo derrubo da Casa Carninero

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“¿Cómo valora as últimas novas saídas en prensa sobre o proceso penal que se está a seguir por mor do derubo da Casa Carnicero?.”

9.17.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre temporalidade en concesión de licenzas para paneis solares

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Diego Chazarreta**, sinalando:

“¿Canto se está a tardar no Departamento de Urbanismo municipal na concesión de licenzas para instalación de paneis solares?.”

9.18.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a dragaxe da Ría do Pasaxe

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Esta pregunta sobre a dragaxe da Ría do Pasaxe parece que non lle gusta moito ó alcalde, pero esta dragaxe é unha demanda histórica do BNG, porque temos unha ría inzada de residuos contaminantes que se foron depositando durante décadas pola industria da contorna e os vertidos.

Costas confirmou que está previsto que este segundo recinto estea rematado no mes de abril e que, de xeito inmediato, comece a encherse. A colmatación da biera de Oleiros permitirá que se gañe terreo que se vai adicar a zonas verdes.

¿Vai asumir o Concello de Oleiros este recheo asentado en lodos altamente contaminantes?; ¿Asumirá tamén este concello o mantemento das dragaxes unha vez rematados os traballos? A quen se van pagar estes traballos ¿Non sería oportuno a contratación dunha empresa que certificara a inocuidade presente e potencial dun terreo gañado e asentado en residuos contaminantes?.”

9.19.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a posibilidade de organizar o festival “Touliña Pop”

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O goberno tráfuga sadense denega a celebración do senlleiro festival coñecido como “Touliña Pop”, toda unha referencia da música Pop e Rocknroll na nosa comarca e con proxeción claraamente nacional e que se viu desenvolvendo en Sada durante estes últimos anos.

A devandita negativa alude a perigrinas razóns de escaseza de orzamento e falsedades como a competencia desleal coa hostalería, desde o BNG solicitouse publicamente que o Concello de Oleiros considerase a posibilidade de acollelo, aínda que o alcalde manifestou a imposibilidade por ter pechado xa o orzamento para o 2023 ¿É definitiva esta negativa, ou existe algunha posible vía aberta?.”

9.20.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o trail que se leva a cabo no monumento natural de Dexo

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Cren que a declaración do “monumento natural” á costa de Dexo semella máis a un nome rimbombante que a algún tipo de protección sobre unha zona moi sensible da natureza. Aínda que o BNG está de acordo na programación tanto de actividades de lecer como deportivas, entenden que existen outras zonas do concello máis axeitadas para a súa celebración, que non levala a cabo nun lugar con moitísima riqueza patrimonial de flora e fauna, sendo un lugar moi sensible e digno de protección do Concello, sendo tamén un dos máis importantes nese senso de Galicia.

Por isto gustaríalles preguntas ¿Que rol desenvolve o concello no expediente de autorización dese trail?; ¿Coñece o concello polo miúdo o percorrido do mesmo? A efectos de garantir a máxima protección dun ecosistema único en pleno período de aniñamento de especies, alén da protección dos castros da contorna? e disto existen queixas da veciñanza, incluso puido comprobalo en primeira persoa, a apertura de novos e teóricos camiños para o percorrido do nomeado trail que tamén percorrerían por leiras privadas.”

9.21.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o servizo de prestación de control de colonias felinas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“O control das colonias felinas neste concello é realizado pola empresa “Servigal”, quen parece ser que recolle a garda ós felinos, polo que lles gustaría coñecer o procedemento que esta empresa leva a cabo cos gatos existentes e se realizan “sacrificios” dentro dos felinos recollidos.”

9.22.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre arranxo da zona do acceso que vai desde a Estatua do Che a Sta. Cristina

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Índo cara á estatua do Ché, na Rúa Polvorín da que falamos xa noutras ocasións, á dereita existe un acceso que baixa a Sta. Cristina, é unha zona preciosa e que conta cunhas vistas moi fermosas, simplemente con cortar a maleza existente, crearíase un espazo de lecer marabilloso e cre que cun custe mínimo. Interesándose polo tema, entrou no catastro e non lle consta que sexa un terro particular polo que ¿Pódese facer algo para adaptar esa zona para que poida disfrutarse pola veciñanza? ”.

9.23.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre desprendemento de terreo no Parque das Galeras

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Cre que xa se fixo esta pregunta ¿Vaise facer algo co desprendemento de terreo existente no Parque das Galeras?”.

9.24.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre arranxo do problema circulatorio no Couto-Dorneda

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Cre o alcalde a respecto do tema do Couto que agora que se está en período electoral ¿Poderíase arranxar este problema facendo un achegamento polas partes e acadar que eses veciños que contan con toda a razón do mundo, poidan ver satisfeitos esta demanda, é dicir, que se instale dunha vez ese paso de peóns?”.

9.25.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre o insuficiente Cadro de Policía Local en Oleiros

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“¿Por qué o Cadro da Policía Local de Oleiros é moi inferior ó ratio que recomenda a FEGAMP? Porque entende que coas novas incorporacións na actualidade hai uns 31 axentes, cun ratio de 1 Policía por 1.183 habitantes, cando segundo o ratio recomendado pola FEGAMP, como antes dixos, é de 1 Policía por uns 667 habitantes e xa si se collen como referencia outras cidades máis importantes, como por exemplo A Coruña hai 1 Policía Local por cada 678; en Santiago de Compostela 1 por cada 621 e en Ferrol, 1 por cada 625 habitantes.

Por isto ¿Existe algún motivo real polo que a veciñanza oleirense non teña un Cadro de Policía Local máis ampla?; ¿É un problema orzamentario, de lexislación ou que a Xunta de Galicia pona difícil? Só coñecer os motivos desa diferenza existente con outros concellos”.



CONCELLO DE
OLEIROS

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que vai iniciar a contestacións a esta quenda de rogos e preguntas polo final e abordando o tema do Cadro da Policía Local de Oleiros e por iso quere deixar claro que Oleiros conta con 41 ou 42 efectivos, nada de vinte e pico como se dixo, o que acontece é que coa aprobación por parte do Partido Popular da lei de policía existe a posibilidade da mobilidade e é certo que moitos dos policía que veñen ós concellos pequenos, non só a Oleiros, despois da aprendizaxe marchan, por unhas ou outras razón fundamentalmente a concellos de grandes cidades por proximidade ó seu domicilio, mellores condicións, etc. e tamén existe un problema grave que está a acontecer non só nas policía senón tamén noutras empresas e refírese ás baixas médicas, que son un escándalo e ó mellor habería que facer algo contra estes médicos que as dan á carta, pero en días pasados tomaron posesión tres prazas...

Neste intre intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, engadindo ó xa dito polo alcalde, de que nestes últimos días tomaron posesión tres policía, neste intre estánse a seleccionar outros tres nunha oposición, pero o problema como xa dixo tamén o alcalde é da lei aprobada, porque ademáis da mobilidade tampouco permite incrementar o cadro de persoal segundo se necesite, ó terse que suxeitar a reposición de efectivos dependendo do que saia na lei acompañamento dos orzamentos xerais do Estado.

Segue na súa quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que no exposto sobre o acceso ó faro de Sta. Cristina, moi pouca xente sabe que esa zona é neste intre privada pero en breve pasará a ser públicas e poderá executarse outro mirador para o disfrute da veciñanza, porque é unha zona fermosísima e que sen dúbida pasará nun futuro non moi lonxano a formar parte do patrimonio público de Oleiros, como dixo.

No exposto sobre a retirada de felinos da vía pública, trátase dun servizo público adxudicado a unha empresa e entende que realiza a súa función de conformidade coa normativa de animais dun servizo que é prestado dentro do Consorcio As Mariñas, pero do que unha parte importante do seu custo págao Oleiros porque se cotiza segundo a poboación de cada concello.

O Trail de Dexo é organizado por un atleta que ademáis promove outras iniciativas deportivas en Galicia e o que se lle expuxo desde un primeiro intre é que fale coa veciñanza para axeitar o seu percorrido; en canto ó “Touliña Pop” é un festival que se organizaba no concello de Sada e que tiña un orzamento pactado, pero a actual alcaldesa tráfuga do concello de Sada ó final utilizou ese orzamento para outras actividades ou eventos e quedouse sen consignación orzamentaria, é certo que se dirixiron ó concello de Oleiros e se lles dixo que non había orzamento neste intre para afrontar este evento e agora, segundo ten entendido, van facelo no recinto do Hotel de Sta. Cristina e este concello realizará unha pequena aportación para que poida celebrarse.

Este concello foi sempre unha abandeirado na defensa da Ría, loitándose sempre pola rexeneración e dragado da Ría do Pasaxe e polo proxecto que coñece que presentou o goberno do Estado, existen dúas áreas para depositar os lodos contaminantes os outros lévanse mar a fóra, e nesas dúas áreas o tratamento deses lodos está contrastado científicamente, polo que non entende logo a postura do BNG porque no seu intre estaban de acordo tódalas partes, incluída a confraría de pescadores, creándose unha nova área cun parque novo de 22.000 m² ó



CONCELLO DE
OLEIROS

bordo da Ría, o que queda agora é reclamarlle á Demarcación de Costas que una ese parque novo con Beiramar, que neste intre estánse negando a executar, pero non o van permitir.

As licenzas solicitadas dá igual que sexa para os paneis solares, coma para un chabolo ou calquera outra construción, agás as de vivendas que están a tardar un pouco máis, pero a tardanza ven sendo dun 3 ou 4 meses, porque calquera plancha que se instale nun tellado ou dentro da finca ten unhas exixencias urbanísticas, non se pode instalar pegado a lindeiros, nuns casos 2 e noutros 5 metros a lindeiros, polo que hai que emitir informe técnico e iso demora, pero hai que cumprir coa normativa.

No posto de manifestó sobre a “Casa Carnicero”, non fai valoración porque o que saíu na prensa díxoo él, que faga a valoración o PP, pero neste caso en concreto non foron vostedes os únicos culpables, porque o BNG foi quen o denunciou no Parlamento de Galicia e o PP moi hábilmente recolleu a testemuña e remitiu a denuncia para que informase a fiscalía, moi hábiles como dixo, pero non van acadar as súas intencións. No que atinxe ó do empadronamento de Bonome, o concello queixo notificarlle e aparecía no padrón...

Neste intre, aclárase pola voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que quen está empadronada é a filla, é certo que o alcalde confundíuse pero que había unha persoa empadronada apelidada Bonome, era certo, pero o actual voceiro do grupo municipal “Popular” é certo que parece que está empadronado na Coruña...

Segue coa súa intervención o alcalde, Sr. **García**, manifestando que logo había unha persoa apelidada Bonome nunha leira, porque a vivenda tirouse, queda aclarado o tema.

Sobre o número de urbanizacións que se teñen previsto construír, é incerto e non hai que facer moito caso ás veces o que sae publicado en prensa, de feito, hai uns días dixeron que no prazo dun mes se empezaban as obras dunha en Montrove, e se empezan dentro de tres meses... xa se verá, o que é real é que existe un interese moi significativo das promotoras de construír en Oleiros, pero todo ten o seu tramite e desas que se estean a construír xa, hai poucas e sobre a pregunta de que parte levaban cada unha delas vivendas de protección oficial, aclara que en todas hai unha parte que son adicadas a vivendas deste réxime.

O consorcio contra incendios finánciase con cargo a fondos da UNESPA, dos seguros dos concellos, que pagan unha parte importante do seu mantemento, xunto coa Xunta de Galicia e coa Deputación...

Neste intre, o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jorge Platas**, intervéñ para dicirlle ó alcalde que o outro día que veu o pleno da Deputación provincial, pareceulle exaxerado a aportación municipal de 1.200.000 € e que con eses cartos poderíase ter aquí en Oleiros un parque e non depender de Arteixo...

Segue coa súa quenda de respotas o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que Oleiros non depende o parque de Arteixo, que se executou xunto cos concellos da área metropolitana, pagándoo a Deputación provincial cun custo de 69 millóns de pesetas e Arteixo puxo o terreo que, nun principio quería poñelo o concello de Culleredo, pero ó final Arteixo conseguiu facelo alí e agora o que está a facer é tratar de vender a parcela sen contar cos donos, que son os concellos da área, pero agora o futuro dos bombeiros é un pouco incerto e verase o que acontece por mor



CONCELLO DE
OLEIROS

desa actitude do Concello de Arteixo por desfacerse do parque sen telo construído noutro lugar, ó mellor é que non ten idea de facelo.

Con relación a este asunto, abunda máis o concelleiro do grupo “Popular”, Sr. **Platas**, salientando que neste intre existe un bo servizo por parte do concello de Oleiros, non facendo falla practicamente en ningunha ocasión o parque de Arteixo, agás só nos casos de facer falla o camión de auto escala, pero cos cartos que se aportan daría para iso e para moito máis...

O alcalde, D. **Ángel García**, salienta que este é un tema do que leva encargándose tempo M^a José Varela e concordancia coa Coruña e a solución para Oleiros entende que pasa ineludiblemente polo parque da Coruña...

No que atinxe ó formulado polo voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos sobre a instalación de máis bancos no parque das 13 Rosas, pode estar de acordo pero cre que se quedou curto coa denominación dun parque que case que pode dicir que é o máis visitado da provincia, porque veñen a percorrelo de tódolos lados desde Carballo, a Ordes e sobre todo, persoas dos concellos da área da Coruña.

Sobre o protocolo contra a violencia sexual, o concello ven traballando neste eido desde hai moito tempo con xuntanzas periódicas con institucións e corpos de seguridade porque é un tema que lles preocupa pero quizáis mellor a concelleira responsable de seguridade pode dicir algo ó respecto...

Intervén a voceira do goberno municipal e concelleira responsable de seguridade cidadá, D^a M^a **José Varela**, salientando que existe un protocolo e xa no verán, con motivo das verbenas populares nas diferentes parroquias, se está a levar a cabo.

Segue contestando o alcalde, Sr. **García**, dicindo que a respecto da problemática do problema circulatorio no Couto, a pregunta sería á inversa e falla ó resto ¿Qué habería que facer para acadar ese paso de peóns?... porque por unha actuación que fixo o goberno municipal él está no xulgado polos carteis que sacaron pedindo unha reivindicación xusta para todos e sempre dan a cara ante estas peticións xustas, pero o que non van permitir baixo ningún concepto é que por executar un paso de peóns nunha estrada a cambio, teña que recepcionala o concello, estaría bo se por cada paso de peóns o concello tivera que facerse cargo de tódalas estradas municipais, cada administración titular que se faga cargo do seu mantemento e de actuacións como esta que, insiste, é de xustiza, pero quen ten que actuar é o Partido Popular que está a gobernar a Xunta de Galicia e a titular da estrada.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a M^a **Dolores Silva**, sinalando que quen ten que trasladar todas estas cuestións ás diferentes administracións será o alcalde...

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, que xa está trasladado e desde hai moito tempo e a quen trasladaron ó final foi ó alcalde ó xulgado, por unha serie de actuacións realizadas defendendo a redución da velocidade e a instalación dun paso de peóns que, insiste, consideran de xustiza.



CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó exposto sobre o carril-bici, ten que dicir que é moi pouco usado polos ciclistas e non porque haxa obstáculos, os ciclistas circulan pola estrada e por onde teñen que circular é polo carril-bici e non é certo que haxa tantos obstáculos de Perillo a Mera, que é por onde se pode circular usando ese carril.

Na cita previa nas institucións autonómicas remata hai poucos días a Xunta de Galicia de liberar desa petición, pero os organismos dependentes do Estado, como Garda Civil, Xulgados, Facenda ou Costas aínda están coa cita previa, polo que aí está o traballo que teñen que facer as forzas políticas con representación nos Parlamentos do Estado ou de Galicia, porque parece mentira no PSOE que siga a manter as citas previas neses organismos estatais que remata de sinalar porque é un maltrato ó cidadán.

O que atinxe ó exposto sobre os desprendementos de terreo, é certo que houbo un desprendemento grande no parque das 13 Rosas, case un ferrado de terra, e existe un proxecto a executar por Costas de facer un muro de contención e mentres non se leve a cabo, seguirán pasando estes sucesos.

Os paneis que deslumbran, mirárase pero están feitos para informar; sobre o proxecto da reforma integral de Sta. Cristina, presentoullo ó presidente da Deputación que lle deu para adiante encargándose o proxecto, hai agora ano e medio e cun prazo de execución de cinco meses, os técnicos viñeron a ver in situ todo o relacionado coa execución, porque se van cambiar diferentes servizos coa mellora da rede de pluviais e agua, dándoselles toda a información necesaria para logo volver a enviar o proxecto tal cual estaba e sen contemplar esa mellora de servizos, agora parece que xa están incorporadas esas melloras e a partir de agora deberían sácalo xa a licitación.

Pregunta a concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, que segundo interpretou na nota de prensa publicada parecía que as alegacións formulábanse porque non contemplaba as obras das rúas adxacentes que nun principio o goberno municipal sinalou que irían por conta municipal, ó que lle contesta negativamente o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que as alegacións era pola non incorporación desas melloras porque o acondicionamento das rúas adxacentes, como xa dixo, irían por conta do orzamento municipal.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.50 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e nove (39) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.